



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de outubro de 2019**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dez de outubro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(855).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e extraordinaria e urxente do 1 de outubro, e ordinaria do 3 de outubro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(856).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN “SISTEMA DE ACCESIBILIDADE WEB MULTIFUNCIONAL PARA AS WEBS MUNICIPAIS VIGO.ORG, SEDE ELECTRÓNICA, TURISMO E TRANSPARENCIA. EXPTE. 8785/113.

Visto o informe xurídico do 16/09/19 e o informe de fiscalización do 2/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 30/09/19, asinado polo responsable de Modernización e Innovación de Admón. Electrónica, o xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro de Orzamentos e Facenda e a concelleira-delegada de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 06/05/2019 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro para a adquisición dun “sistema de accesibilidade web multifuncional para as webs municipais vigo.org, sede electrónica, turismo e transparencia”.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 08/05/2019 da concelleiro Delegado de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 19/08/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 19/08/2019, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 20/08/2019 , sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro polo procedemento simplificado de tramitación abreviada, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación de data 09/09/2019.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.



Concello de Vigo

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo acorto da Xunta de Goberno Local de 18 de xuño de 2015 así como polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 08/05/2019 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de subministros.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto simplificado de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da LCSP e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa,

incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro dun "SISTEMA DE ACCESIBILIDADE WEB MULTIFUNCIONAL PARA AS WEBS MUNICIPAIS VIGO.ORG, SEDE ELECTRÓNICA, TURISMO E TRANSPARENCIA"

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación e asinado en data 09/09/2019

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 19/08/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de **41.140,00 €**, que inclúe un IVE de **7.140,00 €**, dende o 15 de Setembro de 2019, o cal se imputará ás seguintes partida e exercicio:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.6400003	2019	7.140,00 €	34.000,00 €	41.140,00 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(857).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DA INFRAESTRUTURA PARA O CPD MUNICIPAL. EXPTE. 8921/113.

Visto o informe xurídico do 19/09/19 e o informe de fiscalización do 01/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 30/09/19, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o técnico responsable de seguridade informática, o



Concello de Vigo

concelleiro de Orzamentos e Facenda e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes

1. Na data 13/08/2019 o Xefe do Servizo de Administración Electrónica iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro e instalación da infraestrutura para o novo CPD municipal.

2. No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica, o técnico responsable de seguridade informática e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 14/08/2019 autorizada pola Concelleira Delegada de Xestión Municipal con fe pública da Secretaria do Goberno Local.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 20/08/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de seguridade informática.
- Proxecto técnico de infraestruturas para centro de proceso de datos anexo o PPT
- Memoria xustificativa do contrato de data 29/08/2019, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica, polo técnico responsable de seguridade informática e coa conformidade da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da técnica do Servizo de Contratación de data 30/08/2019, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto, asinado pola técnica do servizo de Contratación con data 19/09/2019.

Normativa de Aplicación

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada

por acordo da Xunta de goberno Local de 20 de xuño de 2019 modificada e completada polo acordo da XGL do 4 de xullo de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira delegada de Xestión Municipal mediante resolución de data 14/08/2019 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministro.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte



Concello de Vigo

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto coa finalidade de realizar a contratación do subministro da infraestrutura para o CPD municipal.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica do Servizo de Contratación e asinado na data 19/09/2019

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 20/08/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de seguridade informática así como o proxecto técnico ANEXO ó mesmo.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 267.408,79 € €, que inclúe un IVE de 46.409,79 € con cargo a partida orzamentaria 9207. 6260001 (NOVO CPD MUNICIPAL) do exercicio 2019

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(858).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVER PROCEDEMENTOS (RELACIÓN 6/2019). EXPTE. 12333/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 1/10/19, asinado polo letrado-xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Relación n.º 6/2019

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Civil. Expediente nº 10672/111

Sentenza nº 156 do 31 de xullo de 2019

Xulgado de Primeira Instancia nº 4 de Pontevedra

Ordinario: 327/2017

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Declaración e identificación da porción do monte "Mexueiro ou Regueiro Furado"

Esta sentenza non é firme, e condena á Xunta de Galicia, declarada en rebeldía procesual, e ao Concello de Vigo, como codemandado.

A demanda a presentou a CMVMC de Lavadores pola porción de monte "Mexueiro ou Regueiro Furado", solicitando que se declarase que é propiedade da comunidade de montes demandante.

Aplicando a doutrina xurisprudencial xa coñecida e a proba practicada, considera que a cesión efectuada polo Concello de Vigo ao Ministerio de Traballo no ano 1975 era unha cesión da propiedade da comunidade de montes, a pesares de que non figurase aprobada a

norma con rango de lei que recoñece a estes entes a personalidade xurídica nin os caracteres de protección dos que gozan a día de hoxe.

Sendo imprescriptibles os terreos destinados a monte veciñal, e coa numerosa xurisprudencia interpretativa e aplicativa da súa lei, que mesmo considera irrelevante a súa afección a un uso público ou unha natureza demanial, se estima a demanda e se declara a nulidade da cesión de balde do Concello de Vigo (escritura pública tralo acordo plenario) en favor do Ministerio de Traballo.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto, e no seu caso levar a cabo as actuacións administrativas pertinentes.

2.- Social. Expediente nº 11713/111

Decreto do 11 de xullo de 2019

Xulgado do Social nº 1 Reforzo de Vigo

Despedimento obxectivo individual: 850/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Despedimento nulo e/ou improcedemente, servizos prestados como socorrista nas praias de Vigo

Declara o desistimento (por incomparecencia ao acto de conciliación e xuízo) do demandante.

Os servizos de Persoal e Medio Ambiente deben coñecer o resolto.

3.- Social. Expediente nº 11738/111

Sentenza nº 399 do 6 de setembro de 2019

Xulgado do Social nº 4 de VIGO

Ordinario: 696/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades.

Esta sentenza, que é firme por contía, e non é posible a interposición de ningún tipo de recurso, desestima a demanda interposta por un traballador do servizo de salvamento e socorrismo municipal.

As cantidades adebedas pola empresa non se corresponden con ningún dereito dos recollidos no convenio colectivo, e cando menos, coa interpretación e proba practicada polo demandante, para que se consideren esixibles, e polo tanto, condenada a empresa.

Canto ao Concello de Vigo, é absolto por non tratarse dunha actividade propia do Concello.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

4.- Social. Expediente nº 11831/111

Decreto nº 298 do 26 de xuño de 2019

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Ordinario: 849/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades.



Concello de Vigo

Esta resolución acorda archivar o procedemento porque a parte demandante non presentou o seu escrito de demanda en prazo, a pesares de requerila ao órgano xurisdiccional para facelo.

As consecuencias son o arquivo do procedemento e que se deixe sen efecto o sinalamento para a celebración do xuízo.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

5.- Social. Expediente nº 11897/111
Sentenza nº 398 do 10 de xullo de 2019
Xulgado do Social nº 5 de Vigo
Despedimento/cesamento en xeral: 808/2018
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Despido con vulneración de dereitos fundamentais.

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda e considera que o despedimento resultou procedente. A sociedade que cesou a relación laboral co demandante é contratista municipal das zonas de estacionamento regulado.

Na sentenza, contra a que é posible a interposición do recurso de suplicación, se resolve de modo idéntico aos preitos relacionados co presente. Ao resultar preciso un menor número de empregados para a prestación do servizo trala adxudicación do último contrato, coas súas condicións diferentes con respecto aos pregos precedentes, e a pesares de recollese o mecanismo da subrogación, as causas invocadas pola empresa resultan correctas e axustadas a dereito. tampouco se aprecia nulidade na carta de despedimento.

A Área de Seguridade debe coñecer do resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 11905/111
Sentenza nº 227 do 28 de xuño de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 483/2018
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación por silencio da RPA de data 01/06/2018 formulada contra outra de nulidade de actos administrativo e devolución de ingresos indebidos sobre IIVTNU.
Expte(s): 30302-514

Esta sentenza é firme e imponse á parte actora as custas do procedemento. O obxecto do procedemento era a desestimación da reclamación ao TEAC do Concello de Vigo das solicitudes de rectificación das autoliquidacións do Imposto do Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

A sentenza examina a evolución xurisprudencial deste tributo, para concluír que no caso axuzado concorre un incremento dese valor, e polo tanto, procede a desestimación do recurso e a ratificación da resolución impugnada, que pola súa vez, considerou axustada a dereito o resultado das autoliquidacións.

A Dirección de Ingresos-Tributos e o TEAC deben coñecer do resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 11937/111
Sentenza nº 217 do 31 de xullo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 45/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo da XGL ditado o 22/11/2018 que desestima R.Reposición en materia de calculo de gratificación por servizos especiais, exceso de xornada e abono de diferencias retributivas.

Expte(s): 32938/220

Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que é firme, estima parcialmente o recurso en canto ao cálculo do valor das gratificacións por servizos extraordinarios pola realización de horas "extraordinarias" conforme ao art. 13 e a D.T. 6ª.3. do CC/ARCT do Concello, con inclusión da parte proporcional do importe das dúas pagas extraordinarias integrantes das retribucións básicas e condena ao aboamento das cantidades debidas por esta concepto ao demandante nos últimos catro anos con xuros legais.

O departamento de Persoal (RRHH) debe coñecer o resolto e executalo en tempo e forma, así como aclarar con carácter xeral as cuestións de fondo controvertidos.

8.- Contencioso. Expediente nº 12016/111

Sentenza nº 228 do 28 de xuño de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 63/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolucións do TEA de data 03/12/2018 que resollen as reclamacións económico-administrativas formuladas contra desestimacións presuntas das solicitudes de devolución das cantidades pagadas, mediante autoliquidacións nº 2303.17.1 e 2303.17.2 relativas ao IIVTNU.

Expte(s): 4773-550 / 4650-550

Esta sentenza é firme, e imponlle as custas á parte demandante, por mor da desestimación do seu recurso. O obxecto do proceso é a desestimación do recurso ao TEAC do Concello de Vigo contra as desestimacións de rectificación das autoliquidacións do Imposto do Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Na sentenza se examina a evolución xurisprudencial, que a pesares do alegado, sí se inclina por gravar o incremento do valor do solo, cando se acredite a existencia de tal incremento. Neste caso este incremento se produciu, como quedou probado. Ante a ausencia de proba do contrario, a sentenza desestimou o recurso.

A Dirección de Ingresos-Tributos e o TEAC deben coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 12018/111

Sentenza nº 229 do 28 de xuño de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 79/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución ditada por contaminación acústica.

Expte(s): 13816/306



Concello de Vigo

Esta sentenza, firme, estima o recurso, con imposición de custas ao demandando Concello de Vigo.

Se impugnou unha resolución de imposición de sanción por contaminación acústica, no local da Praza da Constitución nº 8. Na sentenza se xustifica que se ben nunha primeira aproximación procedería a imposición da sanción, como resultado da medición, existen determinados elementos non aclarados sobre a imputabilidade da conducta causante da contaminación acústica ao demandado, tales como o curto espazo de tempo na realización das medicións, que impediría levar a cabo as comprobacións esixidas polo Manual municipal, a falta de identificación concreta do elemento causante da fonte de ruído, a falta de ubicación desa fonte de ruído, ou a falta de medición do ruído ambiente.

Polo anterior, se anula a resolución e se deixa sen efecto.

O Servizo de Medio Ambiente ten que coñecer da sentenza e proceder á súa execución, posto que revoga a imposición dunha sanción.

10.- Contencioso. Expediente nº 12022/111

Sentenza nº 173 do 27 de xuño de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 86/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo de data 20/12/2018 desestimatoria da reclamación de RPA formulada polos danos e prexuízos ocasionados por mor dunha caída na Porta do Sol nº 4.

Expte(s): 5590-243

Esta sentenza é firme, sen imposición de custas. O obxecto do recurso é a desestimación dunha reclamación por responsabilidade patrimonial, danos corporais a consecuencia dunha caída na Porta do Sol.

A sentenza considera axustada a dereito a actuación municipal xa que concorre unha falta de dilixencia da demandante ao cruzar por un lugar non habilitado para facelo, existindo dous nas inmediacións, e por outro lado, o elemento causante da caída non figuraba no lugar de tránsito para peóns, polo que a conducta da lesionada é o determinante na causación do dano.

Responsabilidade patrimonial-Servizo de Patrimonio debe coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 12026/111

Sentenza nº 230 do 28 de xuño de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 84/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta do recurso de reposición formulado contra resolución ditada polo Concelleiro da Área de Seguridade e Mobilidade.

Expte(s): 0188650152

Esta sentenza desestima o recurso e ratifica a imposición da sanción pola comisión da infracción en materia de tráfico. É firme e non cabe recurso.

A sentenza considera que a ratificación da resolución da sanción, por non presentar alegacións en prazo, foi correcta. Recolle que o demandante dispuxo dun tempo certo para presentar as alegacións, e non exerceu este dereito. Puido acceder ao expediente, e en calquera caso o expediente está completo.

Canto á falta de notificación no acto, se considera veraz o apuntamento do axente por canto o demandante non presentou alegacións a isto. E sendo a conducta típica e non prescrita, procede ratificar o acto impugnado.

O Servizo de Seguridade debe coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 12027/111

Sentenza nº 172 do 27 de xuño de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 90/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Inactividade do Concello de Vigo con relación ás obrigas de pagamento correspondentes a servizos de catering por importes de 2.640 Eu e 1.017,50 Eu.

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso da demandante que reclamaba o pagamento dunhas facturas por contratación de servizos. A sentenza considera que a primeira das facturas presentadas está prescrita, polo que resulta imposible en dereito reclamar o seu pagamento.

Canto á segunda das facturas, considera como acto propio que a demandante renunciou coa presentación da mesma para a súa tramitación, que en calquera caso constaba, ao exercicio de calquera acción para a súa reclamación.

A Área de Seguridade debe coñecer do resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 12038/111

Decreto nº 21 do 5 de xullo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 83/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo, da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos no vehículo matrícula 2836FSN por mor dun accidente de circulación na rúa Julián Estévez confluencia coa rúa Santa Tegra ao atoparse a tapa de rexistro de augas fora da súa correcta ubicación.

Expte(s): 5693-243

Esta resolución acepta o desistimento do demandante, sen oposición polo resto de partes, e ordena a devolución do expediente e o arquivo do mesmo.

O obxecto do recurso era unha desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos nun vehículo por mor dun accidente.

Responsabilidade patrimonial-Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 12078/111

Sentenza nº 177 do 3 de xullo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo



Concello de Vigo

Abreviado: 122/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 21/02/2019 desestimatoria da reclamación económica administrativa formulado fronte á desestimación da solicitude de rectificación e devolución de ingresos indebidos autoliquidación IVTNU.

Expte(s): 4778-550

Esta sentenza é firme, e desestima o recurso contra a desestimación da reclamación presentada perante o TEAC do Concello de Vigo solicitando a rectificación e devolución do imposto de plusvalía.

Na demanda se pretende a aplicación dunha fórmula que non é a recollida na norma de rango legal vixente e non declarada inconstitucional polo TC.

A sentenza considera axustada a dereito a actuación municipal e indica que a cuestión da aplicación dunha fórmula concreta resolveuna en datas recentes o TS, o que implica que existe xa xurisprudencia sobre esta materia, o que determina a desestimación do recurso.

A Inspección de Tributos e o TEAC deben coñecer do resolto.

15.- Social. Expediente nº 12087/111

Sentenza nº 403 do 16 de xullo de 2019

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 248/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Demanda en materia de incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e reclamación de danos e prexuízos.

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso do actor e considera inexistente a situación de acoso laboral contra a súa persoa, como funcionario do Corpo da Policía Local. Non se acredita un nexo de causalidade entre a situación psíquica do demandante e as rotacións na Policía Local, e mesmo se pronuncia sobre isto porque durante o tempo asignado á emisora, permaneceu de baixa por incapacidade laboral. Canto á situación de acoso, tampouco considera acreditada a súa existencia, e nin sequera se activou o protocolo, cuestión que puido facer o demandante. E conclúe que tampouco se traduciron ningunha das situacións de conflito ás que fai mención nos seus escritos nunha calificación das incapacidades temporais como derivadas de accidente de traballo. Sen nexo causal polo incumprimento do empresario nas cuestións relativas á prevención de riscos laborais, non se pode estimar a concorrencia dunha indemnización. A situación de conflito non ven provocada polo incumprimento de normas de prevención, senón pola negativa do actor a asumir as funcións encomendadas no calendario laboral/cadrante do servizo anual.

O Servizo de Persoal (e o departamento de Prevención de Riscos), a Xefatura da Policía Local e a Xefatura de Área de Seguridade deben coñecer do resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 12096/111

Sentenza nº 252 do 4 de setembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 121/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Sanción de tráfico (multa), por estacionar nun carril de circulación na rúa Lamelas en San Paio de Navia.

Expte(s): 2018/25990

Esta sentenza, que é firme e estima o recurso, anula a sanción imposta por estacionar nun carril de circulación e obriga ao Concello á devolución do importe total da multa e da taxa por guindastre.

A tipificación levada a cabo no expediente non é correcta, posto que non se considera que a parada ou estacionamento no lugar no que se produciu figure prohibida e tipificada como sancionable. Non se procedeu a unha concreción da conducta imputada, e tampouco se procedeu a unha ampliación da motivación que acreditase que a situación do vehículo supuxese un obstáculo para o resto de vehículos. Tampouco existía na zona nin marcas viais de prohibición nin sinalización vertical.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto e proceder á tramitación da devolución do importe da sanción e taxa, logo da anulación do acto administrativo impugnado.

17.- Contencioso. Expediente nº 12105/111

Sentenza nº 167 do 27 de xuño de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 144/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolucións desestimatorias dos recursos de reposición formulados en expedientes sancionadores.

Expte(s): 178719527,188611096, 188611146, 178695864, 178708495 e 178708496

Contía: 1.479,88 €

Esta sentenza estima o recurso interposto contra as resolucións dos tres expedientes sancionadores indicados na mesma, e declara inadmisibile o recurso contra outros tres, por extemporáneo. A sentenza é firme e non cabe recurso. Con relación aos anulados, o Xulgado indica no seu escrito que as fotografías carecen da suficiente entidade como para atribuírlles unha presunción de veracidade que só corresponde aos axentes municipais. Igualmente se critica a tipicidade, ao entender aplicable a gradación leve. Ao non resultar as fotografías suficiente proba de cargo da infracción cometida, e non tipificarse debidamente, se declaran as resolucións nulas de pleno dereito. A isto engade que opera plenamente a previsión do art. 63.3 da Lei 39/2015, e neste caso estas infraccións se produciron, segundo a sentenza, de modo continuado. Canto aos inadmitidos por extemporáneos, considera que a publicación edictal se levou a cabo dun modo correcto, e polo tanto, son firmes. Pretender a súa impugnación case un ano despois resulta fóra de prazo.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto e executar a sentenza no prazo legal previsto.

18.- Contencioso. Expediente nº 12131/111

Sentenza nº 188 do 30 de xullo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 162/2019

Demandante/Recorrente: Particular



Concello de Vigo

Obxecto: Resolución sacionadora ditada en expediente sancionador.

Expte(s): 188656809

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

19.- Contencioso. Expediente nº 12156/111

Sentenza nº 197 do 30 de xullo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 177/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TEA de data 26/02/2019 desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada fronte á presunta desestimación da solicitude de rectificación e devolución de ingresos indebidos da autoliquidación do IIVTNU.

Expte(s): 4796-550

Contía: 2.247,24 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso determinando que, logo da doutrina establecida en casación, o único criterio para a fixación da base imponible do IIVTNU é o previsto no Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, sen que caiban outras alternativas.

A Administración de Tributos (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

20.- Contencioso. Expediente nº 12172/111

Auto nº 84 do 30 de xullo de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 177/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Falta de resposta á solicitude de devolución de ingresos indebidos relativos ao pagamento mediante autoliquidación do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Expte(s): 2942.17.1

Este Auto, que non é firme, declara a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo por falta de esgotamento da vía administrativa e imponse as custas ao demandante.

A Administración de Tributos- Plusvalía debe coñecer o resolto

21.- Contencioso. Expediente nº 12222/111

Decreto nº 27 do 9 de setembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 192/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 07/03/2019 en expediente de responsabilidade patrimonial, por danos causados no inmovible da súa propiedade sito na rúa Boan nº 40 de Vigo por mor das obras efectuadas pola empresa de CONSTRUCCIONES ORECO, S.A.

Expte(s): 4606-243

Acepta o desistimento da actora.
O departamento e Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso desta administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(859).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA DE SEGUROS PRIVADOS AO CONCELLO DE VIGO E AOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 6342/241.

Visto o informe xurídico do 25/09/19 e o informe de fiscalización do 1/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 24/09/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Contratación e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- En data 8 de agosto de 2019, a xefa do Servizo de Contratación, coa conformidade da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, asina informe de necesidade para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos en cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017.

2º.- En base ao anterior informe, a concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal con data do 8 de agosto, resolveu o inicio do expediente de contratación, en uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (apartado 4 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público -LCSP- e acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019).

3º.- No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación, coa conformidade da concelleira delegada de Contratación de data 8 de agosto de 2019
- Resolución de inicio do expediente de contratación asinado pola concelleira delegada de Contratación de data 8 de agosto de 2019
- Prego de prescricións técnicas asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 10 de setembro de 2019
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares de data 9 de agosto de 2019 sobre cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso dos licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Memoria asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 24 de setembro de 2019
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 24 de setembro de 2019

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros de área por acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

No entanto, o presente contrato non xera custe económico directo para a Administración municipal por canto o Concello non aboará prezo ningún á correduría de seguros que resulte



Concello de Vigo

seleccionada. Está será retribuída polas entidades aseguradoras coas que se contraten as correspondentes pólizas de seguros, que lle aboarán como prezo o resultado de aplicar ás primas netas dos seguros (prima total menos impostos, recargos e taxas de Consorcio de compensación de seguros) a porcentaxe de comisión que oferte o contratista. En consecuencia, non é preciso incorporar o certificado de existencia de crédito.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- - Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 24 de setembro de 2019.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 10 de setembro de 2019.

Cuarto.- Este contrato non xera custo económico directo para a Administración municipal por canto o Concello non aboará prezo ningún á corredoría de seguros que resulte seleccionada. Esta será retribuída polas entidades aseguradoras coas que se contraten as correspondentes pólizas de seguros, que lle aboarán como prezo o resultado de aplicar ás primas netas dos seguros a porcentaxe de comisión que tiña ofertado o contratista.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(860).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS-MATAMÁ. EXPTE. 234/441.

Visto o informe de fiscalización de data 1/10/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión de data 27/09/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos – Matamá" (234-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos – Matamá" (234-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 11 de xuño de 2019 polo que non se admite neste procedemento a NAROM, S.L. por ter indicado no Documento europeo único de contratación que a súa proposición é para o procedemento aberto para a Construción de beirarrúas na rúa Cantabria (expte. 233-441) e non ter emendado a documentación no prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos – Matamá" (234-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	97,48
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	96,61
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	95,13
4	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	93,81
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	93,53
6	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	92,97
7	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	92,90
8	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES,	92,84



Concello de Vigo

	Licitadores	Puntuación
	S.L.	
9	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DE MIÑO, S.L.	87,32
10	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	85,87
11	CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L.	85,82
12	ORECO, S.A.	84,97
13	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	81,52
14	COPCISA, S.A.	20,53

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., o día 10 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 24 de setembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 27 de agosto e 3 de setembro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos – Matamá" (234-441) por un prezo total de 152.057,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.390,11 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(861).- DAR CONTA DA RENUNCIA Á SUBVENCIÓN OUTORGADA POLA CONCELLERÍA DE DEPORTES A FAVOR DE SCD ATLÁNTIDA DE MATAMÁ EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS Á MELLORA EN CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 18943/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 4/10/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e a secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, sa sesión extraordinaria e urxente de 28 de decembro de 2018 aprobou a proposta de resolución da convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro orientadas á mellora en campos de fútbol da cidade de Vigo (Expte. 18005/333).



Concello de Vigo

Á entidade Sociedad Cultural e deportiva Atlántida , CIF: G36620854, exp. 18092-333, foille concedida unha axuda por importe de 60.000,00 € para a realización do “Proxecto de reforma eléctrica e mellora da iluminación no campo de fútbol Atlántida Matamá”.

Con data 19 de setembro de 2019, a entidade Sociedad Cultural e deportiva Atlántida , CIF: G36620854, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento núm. 190144546).

Atendendo ao establecido no artigo 94 da LPACAP, “todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos”, neste caso á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Sociedad Cultural e deportiva Atlántida , CIF: G36620854, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2018 ao abeiro do Programa específico de subvencións orientadas á mellora en campos de fútbol da cidade de Vigo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(862).-DAR CONTA DA INCLUSIÓN DE OITO BAIXAS DE BOLSEIROS (SETE DE INGLÉS E UNHA DE ALEMÁN) CORRESPONDENTE ÁS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV), CORRESPONDENTES AO ANO 2019. EXPTE. 22697/332.

Dáse conta do informe-proposta de data 4/10/19, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo, o concelleiro de Educación e Xuventude e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 07 de Febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo: “Adxudicación e denegación das Bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2019. (Expte 22697/332)”.

A base primeira da devandita convocatoria no seu apartado de “obxecto e finalidade”, recolle que o alumnado beneficiario das bolsas deberá realizar o programa de estadía lingüística, dentro do ano 2019, e nunca despois do remate de setembro do ano 2019.

Igualmente a base decimo cuarta da devandita convocatoria no seu apartado de “xustificación e pagamento”, recolle que a xustificación completa do importe concedido da bolsa, deberá realizarse polo beneficiario/a antes do remate do mes de setembro do ano 2019.

Nestas últimas datas, os seguintes seis bolseiros/as de inglés e unha de alemán teñen presentado a través do rexistro xeral do Concello a súa renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa por razóns de índole persoal:

OS SEIS BOLSEIROS/AS PROPOSTOS PARA O IDIOMA DE INGLÉS E OUTRA BOLSEIRA PROPOSTA PARA O IDIOMA DE ALEMÁN QUE PRESENTAN A SÚA RENUNCIA VOLUNTARIA, SON AS SEGUINTE:

EXP-TE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS	Nº DOC REXISTRO ENTRADA E DATA
IN-042	Mohamed Aali Mullah	Aalisalem	3612****	7,50	190141755 16/09/19
IN-008	Aguilera Chouza	Alberto	****3142	8,25	190143548 18/09/2019
IN-039	Nogueira Comesaña	Laura	5318****	6,75	190144242 19/09/19
IN-046	Veleiro Pérez	Sonia	4466****	8,00	190145395 23/09/19
IN-045	Méndez Nuñez	Alberto Enrique	Y366****	8,50	190145397 23/09/19
IN-054	González Lago	Mónica	****9251	10,00	190147936 26/09/19
AL-001	Costas González	Olaia	****1764	9,00	190148745 27/09/19

Verificadas e acreditadas documentalmente as sete casuísticas particulares anteriormente expostas, achegando a través do rexistro xeral do Concello a pertinente acreditación documental con renuncia expresa e voluntaria á bolsa municipal concedida, incorpórase toda esta documentación requerida aos seus respectivos expedientes que figuran arquivados nas dependencias do Servizo de Educación como órgano xestor da referida iniciativa municipal.

Igualmente, un bolseiro proposto para o idioma de inglés, confirma oralmente que non desenvolveu nin ten intención de desenvolver a estadía formativo lingüística no prazo obrigatorio (antes do remate do mes de setembro de 2019) que recollen as bases da convocatoria obxecto do presente informe. En consecuencia, é unha baixa obrigada por non cumprir os requisitos de prazo de execución e xustificación que aparecen sinalados na cláusula 1ª “obxecto e finalidade” e cláusula 14ª “xustificación e pagamento”.

O BOLSEIRO PROPOSTO PARA O IDIOMA DE INGLÉS QUE CAUSA BAIXA OBLIGATORIA POR NON CUMPRIR OS REQUISITOS DE XUSTIFICACIÓN É O SEGUINTE:



Concello de Vigo

EXP-TE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUN-TOS	MOTIVO DA BAIXA OBRIGATORIA
IN-033	Lago López	Jesús María	****3110	9,50	Non xustificar estadía antes 30/09/2019

Continuando o proceso, e segundo recolle a base novena “criterios de valoración” da convocatoria, que indica que para o caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación; resulta que non existe lista de agarda en ningún idioma para poder cubrir estas vacantes xeradas polas renuncias presentadas, ademáis de que na práctica ten rematado o prazo en setembro de 2019 para poder desenvolver a estadía formativo-linguística.

En consecuencia e consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe dar conta das sete renuncias voluntarias e unha baixa obrigatoria e ningunha alta que se teñen producido nos beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV ano 2019, as cales non implican modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente.

Por elo, **proponse** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2019, do beneficiario de Inglés, Aalisalem Mohamed Aali Mulud co DNI 3612****, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201900012299 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2019” para estancia lingüística no estranxeiro , outorgada a favor de Aalisalem Mohamed Aali Mulud.
2. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2019, do beneficiario de Inglés, Alberto Aguilera Chouza co DNI ****3142, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201900012289 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2019” para estancia lingüística no estranxeiro , outorgada a favor de Alberto Aguilera Chouza .
3. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2019, da beneficiaria de Inglés, Laura Nogueira Comesaña co DNI 5318****, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201900012309 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2019” para estancia lingüística no estranxeiro , outorgada a favor de Laura Nogueira Comesaña.
4. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2019, da beneficiaria de Inglés, Sonia Veleiro Pérez co DNI 4466****, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201900012292 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2019” para estancia lingüística no estranxeiro , outorgada a favor de Sonia Veleiro Pérez.
5. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2019, do beneficiario de Inglés, Alberto Enrique Méndez Nuñez co DNI Y366****, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201900012286 por impor-

te de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2019” para estancia lingüística no estranxeiro, outorgada a favor de Alberto Enrique Méndez Nuñez .

6. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2019, da beneficiaria de Inglés, Mónica González Lago co DNI ****9251, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201900012266 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2019” para estancia lingüística no estranxeiro, outorgada a favor de Mónica González Lago.

7. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2019, da beneficiaria de Alemán, Olaia Costas González co DNI ****1764, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201900012225 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2019” para estancia lingüística no estranxeiro, outorgada a favor de Olaia Costas González.

8. Dar conta da baixa obrigatoria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2019, do beneficiario de Inglés, Jesús María Lago López co DNI ****3110, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201900012272 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2019” para estancia lingüística no estranxeiro, outorgada a favor de Jesús María Lago López .

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(863).-CONTA XUSTIFICATIVA DA AULA UNED DE VIGO- EXERCIZO 2018. EXPTE. 23500/332.

Visto o informe de fiscalización do 2/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 7/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda (RA 26/09/19), que di o seguinte:

En data 23 de xullo de 2019 emitíuse por ésta Xefatura o seguinte informe-proposta:

Antecedentes:

- *Bases do Convenio entre a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Concello de Vigo para a creación dunha aula de ensino superior a distancia da UNED (expte.11959/332).*
- *Creación dunha aula universitaria da UNED en VIGO, en relación coa resolución da XUNTA REITORA DO PATRONATO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN PONTEVEDRA (expte. 11959/332).*
- *Proxecto de Convenio entre o Concello de Vigo e a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra para a creación en Vigo dunha aula de ensino superior a distancia (expte.11959/332).*
- *Modificación do acordo da XGL do 7.09.12 aprobación do texto modificado do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED, aprobación do gasto Expte. 11959/332.*
- *Asínase o convenio entre o Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo.Concello de Vigo para creación da aula e posta en funcionamento (Expte. 11959/332)*



Concello de Vigo

- Apertura do Centro ao alumnado
- Aprobación pola Xunta de Goberno Local adenda ao Convenio entre o Patronato de UNED e o Concello de Vigo: creación de graos universitarios (expte. 15472/332)
- Asíñase a adenda ao convenio entre o Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para a implementación e financiamento de graos universitarios na Aula UNED Vigo
- Expte. 17054/332 Nova ampliación graos universitarios na Aula UNED de Vigo e aprobación do gasto correspondente. Acordo XGL de 04/11/2016
- Expediente 227391/332 Pagamento convenio Concello/UNED exercizo de 2018

Nas estipulacións 11º e 13ª, 13ª bis e 15ª do Convenio indícase:

11ª) A achega económica do Concello ao presuposto do Centro Asociado farase efectiva por semestres anticipados. O incumprimento desta cláusula será motivo de resolución do presente Convenio sen necesidade de previa denuncia.

13ª) "Corresponderá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra a selección, e pagamento do profesorado-titor e do/a coordinadora/a, se é o caso. Para esta finalidade, o Concello transferirá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra anualmente a cantidade de 39.858,80 euros correspondente á totalidade dos gastos correspondentes a este capítulo. Esta cantidade será actualizada anualmente conforme aos incrementos de IPC que se produzan. As eventuais modificacións no número de profesores-titores iniciais, serán propostas polo Centro Asociado á UNED en Pontevedra ao Concello de Vigo. De ser aprobada polo órgano competente do Concello de Vigo esta modificación, farase a modificación equivalente na contía da transferencia. O Concello transferirá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra, así mesmo, a cantidade necesaria para os gastos de material funxible de oficina, así como para outros gastos varios para o seu normal funcionamento, por un importe anual de 13.500,00 euros, así mesmo modificable anualmente en función do incremento do IPC, ou por acordo expreso entre as partes."

13ªbis) "Para a implantación progresiva dos graos citados, o Concello transferirá ao Centro Asociado da UNED en Pontevedra anualmente --a maiores da cantidade indicada na cláusula 13ª para a implantación do curso de Acceso a Maiores previsto na estipulación 3ª do Convenio-- as cantidades (nas anualidades) estimadas no seguinte cadro:

Grao/Ano	2014	2015	2016	2017	2018
Custo Titoría					
Dereito	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Educación Social	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Enxeñería informática	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Enxeñería en tecnoloxías da Información	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Turismo	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Total custo titorías	6.976,25	30.230,25	53.484,25	76.738,25	93.016,00
Bibliografía	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00
TOTAL todos os Graos	11.976,25	35.230,25	58.484,25	81.738,25	98.016,00

15ª) “Xustificación da achega municipal: Conta xustificativa final. Dentro do primeiro trimestre de cada ano, deberá presentarse por parte do Centro Asociado á UNED en Pontevedra UNED a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outros recursos que, se é o caso, financiaran tamén a Aula da UNED en Vigo.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pagamento.

Documentación xustificativa

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Serán gastos elixibles os que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades financiadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano de vixencia do Convenio.

Cando o gasto singularizado exceda dos 18.000 euros no caso de subministros ou servizos, a UNED deberá solicitar tres ofertas, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións, cuestión esta que deberá ser motivada.”

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 04/11/2016 aprobou o cadro financeiro resultante da suma dos distintos compromisos derivados dos acordos tomados dende a sinatura do convenio coa progresiva implantación de novos grados:

“Terceiro.- Aprobar o seguinte cadro financeiro de transferencias á UNED no período 2016-2020, correspondente aos custos estimados da Aula UNED Vigo nos conceptos de coordinación, titorías e materiais dos cursos de acceso, dos grados aprobados no curso 2014-2015 e dos grados aprobados para o seu inicio no curso 2016-2017:

GRADO	ANO	2016	2017	2018	2019	2020
Ciencias ambientais		1.674,27	7.813,26	13.394,16	16.742,70	10.045,62
Estudos ingleses		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Psicoloxía		1.674,27	7.813,26	13.394,16	18.975,06	13.394,16
Admon. E Dirección Empresas		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Pedagogía		0,00	1.488,24	5.208,84	7.441,20	4.464,72
Xeografía e Historia		558,09	3.348,54	7.069,14	10.045,62	6.697,08
Historia da Arte		1.116,18	5.208,84	8.929,44	11.161,80	6.697,08



Concello de Vigo

Ciencia política e da Administración		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Bibliografía		8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00
TOTAL NOVOS GRADOS 2016-2020		18.045,62	54.879,56	88.364,96	111.432,68	72.738,44
TITORÍAS E COORD. CURSO ACCESO		37.858,00				
MATERIAL E BIBLIO CURSO ACCESO		10.500,00				
BIBLIOGRAFÍA GRADOS ADENDA		5.000,00				
TITORÍAS GRADOS ADENDA		53.484,25				
TOTAL FINAL A CONSIGNAR		124.887,87	54.879,56	88.364,96	111.432,68	72.738,44

A cantidade pagada á UNED (un só pagamento) no ano 2018 foi a seguinte (expte 22739/332):

CONCEPTO	EUROS
Aportación á UNED CONVENIO (expte 11959/332)- titores acceso (*)	37.858,80
Aportación á UNED CONVENIO (expte 11959/332)- materiais (*)	10.500,00
Aportación á UNED adenda 1 CONVENIO (expte 15472/332)- TITORES GRADOS +biblio	98.016,00
Aportación á UNED ampliación de grados (expte 17054/332) -Titores + biblio	88.364,96
TOTAL 2018	234.739,76

XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO 2018:

Na conta xustificativa presentada polo Centro Asociado de Pontevedra da UNED, constan os seguintes gastos efectivos durante o ano 2018:

	Concepto	Euros xustificación	Concepto en relación co Convenio
1	Coordinación da Aula	2.828,00	Coordinación
2	Becas colaboración (titores acceso)	33.679,29	Profesorado-titor
3	Becas colaboración (titores grados)	129.656,95	Profesorado-titor
6	Material bibliográfico	1.379,51	Outros gastos material
8	SUBTOTAL DOCENCIA 1+2+3	166.164,24	
10	SUBTOTAL Material	1.379,51	
11	TOTAL XERAL	167.543,75	

En relación coa documentación presentada pola UNED na Conta Xustificativa e cos antecedentes citados:

a) Os gastos realizados **correspóndense coa documentación xustificativa** presentada, que consta de:

- Relacións mensuais dos profesores-titores que impartiron as clases correspondentes ao curso de acceso e grados e da coordinadora da Aula, coa carta de pagamento e documentación de transferencias de Banca electrónica ás contas correntes dos beneficiarios.
- Facturas de provedores de material bibliográfico se ben **non constan** os correspondentes xustificantes bancarios de pagamento (enténdese que o gasto realízase na propia librería da entidade UNED, razón pola que entendemos que non existe transferencia).

b) Da revisión realizada sobre a conta xustificativa resultaría a seguinte cantidade a compensar ou reintegrar polo CONCELLO DE VIGO:

Pagado 2018	Xustificado	A Reintegrar/Compensar pola UNED
234.739,56 €	167.543,75 €	68.575,32 €

En consecuencia, faise a seguinte **PROPOSTA**:

1. Considerar como gastos xustificadas pola UNED correspondentes ao ano 2018, un total de 167.543,75:

	Concepto	Euros xustificación	Concepto en relación co Convenio
1	Coordinación da Aula	2.828,00	Coordinación
2	Becas colaboración (titores acceso)	33.679,29	Profesorado-titor
3	Becas colaboración (titores grados)	129.656,95	Profesorado-titor
6	Material bibliográfico	1.379,51	Outros gastos material
8	SUBTOTAL DOCENCIA 1+2+3	166.164,24	
10	SUBTOTAL Material	1.379,51	
11	TOTAL XERAL	167.543,75	

2. Deberase reintegrar ao Concello de Vigo ou compensar por parte da UNED a cantidade de 68.575,32 €, conforme ao seguinte cadro:

Pagado 2018	Xustificado UNED	A reintegrar/compensar UNED
234.739,56 €	167.543,75 €	68.575,32 €



Concello de Vigo

3. Notificar á UNED os extremos contidos no presente informe-proposta para a presentación das alegacións que considere oportunas, sinalándolle que, de sé-lo caso e resultarlle un saldo negativo, as opcións que lle poden corresponder son: a aportación de novos xustificantes que sexan adecuados ao obxecto do Convenio e ao período subvencionable, a posibilidade de reintegro polo exceso non xustificado ou o desconto nas aportacións municipais ao convenio no exercizo do ano 2019.

A Intervención Municipal en de data 13-08-2019 informa que “o expediente fiscalízase de conformidade sempre que en relación ás facturas de material bibliográfico se requira á UNED o esixido na cláusula 15ª do Convenio, isto é as remisións pertinentes aos xustificantes de pagamento”, e no seu caso xustificación adecuada e suficiente da súa falta de presentación”.

Conforme ao recollido no apartado 3º do informe-proposta que antecede, en data 6-9-2019 (doc: 190137709) a Directora do centro UNED de Pontevedra, informa que:

“Una vez examinado dicho informe-proposta, quisiéramos compensar a diferencia existente a favor del Concello de Vigo por importe de 68.575,32€ descontando a citada cantidad da aportación a percibir durante o exercizo 2019.

En canto as facturas do material bibliográfico, a librería a explota do mesmo Centro Asociado. De tal modo que o ser o mesmo entre quien compra e logo vendese a si mesmo, contablemente compensase (proveedor co cliente) e polo tanto non existen pagos realizados a nosotros mesmos”.

En informe de data 2-10-2019, a Intervención municipal examinada a xustificación presentada pola UNED, fiscaliza de conformidade o expediente.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo.

1.- Considerar como gastos xustificadas pola UNED correspondente ao ano 2018, un total de 167.543.75€.

	Concepto	Euros xustificación	Concepto en relación co Convenio
1	Coordinación da Aula	2.828,00	Coordinación
2	Becas colaboración (titores acceso)	33.679,29	Profesorado-titor
3	Becas colaboración (titores gradados)	129.656,95	Profesorado-titor
6	Material bibliográfico	1.379,51	Outros gastos material

8	SUBTOTAL DOCENCIA 1+2+3	166.164,24	
10	SUBTOTAL Material	1.379,51	
11	TOTAL XERAL	167.543,75	

2. Deberase reintegrar ao Concello de Vigo ou compensar por parte da UNED a cantidade de 68.575,32 €, conforme ao seguinte cadro:

Pagado 2018	Xustificado UNED	A reintegrar/compensar UNED
234.739,56 €	167.543,75 €	68.575,32 €

3.- Notificar á UNED o presente acordo aos efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(864).- PROXECTO DE CONVENIO COA UNIÓN COMARCAL DE CC.OO VIGO PARA O ESTUDO DE PLANS E MEDIDAS DE IGUALDADE NAS EMPRESAS DERIVADAS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA. EXPTE. 16457/77.

Visto o informe de fiscalización do 3/10/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 2/09/19, asinado pola técnica de Xestión e a técnica de Admón. Xeral do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. D. Amelia Pérez Álvarez, con DNI 78734833Z, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo (CIF: G-15103112) solicita, mediante escrito remitido en data 07/02/2019 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento núm. 190019468) a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio para o desenvolvemento do "convenio Emprego 2019 sobre plans e medidas de igualdade nas empresas", achegando, asemade, a seguinte documentación complementaria a través do documento indicado e das emendas formuladas con data 15/05/2019 (docs. Núm. 19007805 e 190072805):

- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.

- declaración responsable das axudas recibidas para o programa.
- orzamento de gastos do proxecto
- memoria do proxecto "Convenio de emprego 2019 sobre plans e medidas de igualdade nas empresas"
- certificado de titularidade da conta bancaria.



Concello de Vigo

Ademais, forman parte do expediente:

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedida en data 22/08/2019.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 13/03/2019.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 22/08/2019
- certificación de non ter débedas tributarias pendentes co Concello de Vigo, de 17/07/2019.

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co co nº 487/96, segundo resolución de data 30/09/96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800003 “Convenio CCOO Fomento do Emprego”, por importe de 22.000,00 €.

IV. En data 09/07/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 15/07/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, por – (por atribución temporal de funcións mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 03/05/2019, a técnica de administración xeral, co conforme do concelleiro delegado de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, achegou memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Unión Comarcal CCOO Vigo”, para o estudo dos plans e medidas de igualdade nas empresas derivadas da negociación colectiva, como xeito de desenvolver o avance na igualdade entre mulleres e homes no ámbito laboral.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2019, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Unión Comarcal CCOO Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2019.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos.

Pola outra parte, asinará o convenio D. Amelia Pérez Álvarez, con DNI 78734833Z, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo, con CIF: G15103112, ou representante debidamente acreditado, de ser precisa a súa substitución, segundo resultou acreditado mediante poder notarial referido nos antecedentes.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

O fomento do emprego e o avance ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, modificatoria da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, co obxecto de esclarecer términos de competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación recollidos na mesma, establece no seu artigo 3._ “En particular, non se entenderán como exercicio de novas competencias”:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que fosen xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei....”



Concello de Vigo

A memoria xustificativa reflicte que as actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado en anos anteriores.

A Disposición adicional primeira da Lei 5/2014, do 27 de maio, establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto no artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, que reflicte coma competencia municipal propia a participación na formación de activos e desempregados.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de **9.675,61 euros** imputaranse con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CCOO Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (15/02/2019 ao 30/09/2019).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Fundación Secretariado Xitano está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



Concello de Vigo

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1) Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal CCOO Vigo, con CIF: G- no marco do plan municipal de emprego, sobre plans e medidas de igualdade nas empresas.
- 2) Autorizar o gasto de **9.675,61 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CCOO Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019.
- 3) Facultar ao Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Fermín Losada Álvarez, para asinar o citado convenio.
- 4) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DE COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO) DE VIGO CONVENIO COA "UNIÓN COMARCAL DE CCOO. VIGO" PARA O ESTUDO DOS PLANS E MEDIDAS DE IGUALDADE NAS EMPRESAS, DERIVADAS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA (EXpte. 16457/77)

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte, D. Amelia Pérez Álvarez, con DNI 78734833Z, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo (CIF: G-15103112) e domicilio social na e domicilio social na Rúa As Teixugueiras, 11- entresollado, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 16457/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento do emprego no pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa organización sindical sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo e, tendo en conta que o desenvolvemento



Concello de Vigo

destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos tres últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración con asociacións de empresariais, sindicais e outras, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

A estratexia polo emprego e polo estudo e investigación sobre as medidas e plans de igualdade froito da negociación colectiva que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego no sector comercial, fomentando o coñecemento e dos centros comerciais abertos e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación de comerciantes sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias de UNIÓN COMARCAL DE CC.OO. DE VIGO.

O Concello de Vigo, ten en conta que, o recoñecemento da igualdade formal ante a lei, ten sido un paso fundamental pero insuficiente, persistindo, no que respecta ao plano laboral, as situacións de discriminacións salarial, de maior desemprego feminino e de menor presenza das mulleres en postos de responsabilidade, unido aos problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, así como, ós supostos de dobre discriminación e maiores dificultades de mulleres en situación de especial vulnerabilidade (minorías, inmigrantes ou con discapacidade), polo que, ten dentro das súas propostas, a colaboración coa UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO no estudo e investigación das medidas e plans de igualdade nas empresas, derivadas da negociación colectiva, derivados da entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes (LOIEDMH),

A colaboración coa UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá profundizar no estudo e investigación das medidas de igualdade existentes nas empresas derivadas da negociación colectiva, como elemento esencial do emprego, de cara ao avance na igualdade entre mulleres e homes no ámbito laboral e na propia sociedade, tratándose dun mecanismo de utilidade para detectar as fortalezas e debilidades no desenvolvemento das prescricións contidas na normativa vixente, así como, o seu cumprimento:

MANIFESTAN

I.- Que a Unión Comarcal de CCOO de Vigo, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 07/02/2019 cos nº de documento 190019468 documentación complementaria a través do documento indicado e das emendas formuladas con data 15/05/2019 (docs. Núm. 19007805 e 190072805) ten, entre outros, os seguintes obxectivos:

1. Analizar o cumprimento da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes (LOIEDMH), en relación á obriga de adoptar medidas de igualdade entre homes e mulleres.
2. Analizar o cumprimento da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes (LOIEDMH), en relación á negociación de plans de igualdade nas empresas de mais de 250 persoas traballadoras.
3. Analizar o grao de implantación voluntaria de medidas e plans de igualdade.
4. Analizar as medidas de aplicación nos convenios, tendo como referencia a lexislación, grao de desenvolvemento das medidas e os plans de igualdade.
5. Analizar o cumprimento da L.O. de medidas de protección contra a violencia de xénero.
6. Analizar o cumprimento das medidas derivadas do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido de disposicións elgais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
7. Identificar os beneficios asociados ao Plan de Igualdade e/ou medidas de conciliación, as dificultades que atopan as empresas para executar as medidas contempladas no Plan de Igualdade, e exemplos de boas prácticas.
8. Coñecer a evolución das empresas que teñen aplicado un Plan de Igualdade.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal de CCOO de Vigo, a condición de partícipe na súa contribución na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da igualdade no emprego contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativos no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencia que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora das situacións de discriminación salarial, de maior desemprego feminino e menor presenza das mulleres en postos de responsabilidade, unido aos problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, así como, ós supostos de dobre discriminación e maiores dificultades de mulleres en situación de especial vulnerabilidade (minorías, inmigrantes ou con discapacidade).



Concello de Vigo

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de CCOO de Vigo entre o tecido económico e laboral, a falta de persoal municipal especializado na elaboración deste tipo de traballos de estudo, investigación e análise da igualdade de mulleres e homes no ámbito laboral, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2019, para o desenvolvemento dun convenio coa CCOO para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ó mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas á mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

V.- Que a Unión Comarcal de CCOO de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal de CCOO de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Unión Comarcal de CCOO de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo no desenvolvemento dun proxecto para o estudo e investigación das medidas e plans de igualdade derivadas da negociación colectiva, dividido en diversas liñas de actuación, de cara a analizar o cumprimento da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes (LOIEDMH), detectando as fortalezas e debilidades do sistema, así como seu cumprimento, de cara ao avance na igualdade formal e material entre mulleres e home no ámbito laboral.

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor (a concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, das seguintes actividades:

1. Analizar o cumprimento da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes (LOIEDMH), en relación á obriga de adoptar medidas de igualdade entre homes e mulleres.
2. Analizar o cumprimento da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes (LOIEDMH), en relación á negociación de plans de igualdade nas empresas de mais de 250 persoas traballadoras.
3. Analizar o grao de implantación voluntaria de medidas e plans de igualdade e das medidas de aplicación nos convenios, tendo como referencia a lexislación, grao de desenvolvemento das medidas e os plans de igualdade.
4. Analizar o cumprimento da L.O. de medidas de protección contra a violencia de xénero.
5. Analizar o cumprimento das medidas derivadas do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
6. Identificar os beneficios asociados ao Plan de Igualdade e/ou medidas de conciliación, as dificultades que atopan as empresas para executar as medidas contempladas no Plan de Igualdade, e exemplos de boas prácticas.
7. Coñecer a evolución das empresas que teñen aplicado un Plan de Igualdade.
8. Elaboración de materiais informativos e divulgativos.
9. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
10. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
11. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos- como **patrocinador** das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
12. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
13. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
14. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



Concello de Vigo

15. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de CCOO de Vigo.
3. Conceder directamente á Unión Comarcal de CCOO de Vigo unha subvención por importe de 9.675,61 €, que corresponden aos custes salariais e de seguridade social do persoal asignado ao proxecto, necesarios para o desenvolvemento do convenio, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800003 “Convenio CCOO Fomento do emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
 1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 2. Dous membros da Unión Comarcal de CCOO de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.



Concello de Vigo

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- ✓ Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- ✓ Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- ✓ Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal de Comisiones Obreras (CCOO) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **15 de outubro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes;

actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 15 de febreiro e o 30 de setembro de 2019.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal,



Concello de Vigo

Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo do convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión

obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal de UGT de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Vixésimo.- O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2019.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2019.

11(865).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA “PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO PARA A XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS”. EXPTE. 16707/77.

Visto o informe xurídico de data 24/09/19 e o informe de fiscalización do 3/10/19, dáse conta do informe-proposta do 12/09/19 asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 28 de agosto de 2019, o Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá ordenou iniciar o expediente de contratación da **PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO PARA A XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS**.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado o 27 de agosto de 2019 pola Técnica de Administración Xeral (por atribución temporal das funcións inherentes á xefatura de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 03/05/2019) e polo Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá en data 28 de agosto de 2019.
- b) Orde de inicio de 28 de agosto de 2019 do Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

- c) Declaración de integridade da redactora do prego de prescricións técnicas particulares do contrato asinado en data 28 de agosto de 2019 pola Técnica de Administración Xeral.
- d) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data do 29 de agosto de 2019, asinado pola Técnica de Administración Xeral (por atribución temporal das funcións inherentes á xefatura de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 03/05/2019).
- e) Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado o 29 de agosto de 2019 pola Técnica de Administración Xeral (por atribución temporal das funcións inherentes á xefatura de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 03/05/2019) e polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- f) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado o 6 de setembro de 2019 pola Técnica de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- g) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 6 de setembro de 2019, asinado pola Técnica de Administración Xeral.
- h) Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado o 6 de setembro de 2019 pola Técnica de administración xeral e polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- i) Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado o 10 de setembro de 2019 pola Técnica de administración xeral e polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- j) Informe do servizo de contratación, asinado pola Técnica de administración xeral de data 10 de setembro de 2019.
- k) Prego de cláusulas administrativas asinado pola Técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de contratación en data 10 de setembro de 2019.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo, no momento de iniciarse o expediente, esta competencia estaba delegada por Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en resolución de 28 de agosto de 2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de Administración Xeral (por atribución temporal das funcións inherentes á xefatura de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 03/05/2019), o



Concello de Vigo

prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 159 da LCSP procede empregar o procedemento aberto simplificado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (16707/77) por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada da **“PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO PARA A XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS”**.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de 6 de setembro de 2019 e o prego de cláusulas administrativas de 10 de setembro, que rexeiran a contratación da **“PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO PARA A XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS”**.

3º.- Aprobar o gasto de **21.199,55 €** , para a contratación do servizo, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 22779900 PRESTACIÓN DE SERVICIOS TÉCNICOS (P.EMPREGO), do orzamento do Concello de Vigo de 2019

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(866).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE SETEMBRO DO ANO 2019. EXPTE. 9550/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 1/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de setembro do ano 2019.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9421-224	CMSE	Servizo para a utilización da sala de conferencias sede Afundación os días 15 e 16 de novembro 2019 con motivo do desenvolvemento dunhas xornadas municipais formativas sobre a violencia de xénero.	<i>Fundación Galicia Obra Social</i>	23112260602	16/09/2019	629,20 €
9478-224	CMSE	Maquetación e produción d'ípticos informativos necesarios para a organización e desenvolvemento do programa de coeducación nos centros públicos de educación infantil e primaria da cidade.	<i>Agua de Mayo Marketing S L</i>	23112260200	16/09/2019	958,32 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(867).- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN VECIÑAL C D LAVADORES, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2019EXPTE. 9160/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 1/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 20 de xuño de 2019 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do "Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2019".



Concello de Vigo

Á entidade Asociación Veciñal C D Lavadores, CIF: G36633618, expediente 9160-224, foille concedida unha axuda por importe de 1.164,65 € para a realización do proxecto “Vivir en Igualdade”.

Con data 27 de setembro de 2019, a entidade Asociación Veciñal C D Lavadores, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento núm. 190148845).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Asociación Veciñal C D Lavadores, con CIF: G36633618, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2019*”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(868).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 8663/320.

Visto o informe de fiscalización do 3/10/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 2/09/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 25/01/2019, Dona Ana María Gil Lodeiro (DNI: 35984887F), en calidade de presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”” (CIF: G36821817), achegou escrito (doc. 190012222), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2019, entre 01/11/2018 ata o 30/09/2019, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana María Gil Lodeiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 26/08/19
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 26/08/19
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 26/08/19
- Certificado do Concello de Vigo, de data 22/08/19

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/11/18-30/09/19)	
Aluguer local	13.260,00 €
Lixo	170,00 €
Limpeza de local	1.000,00 €
TOTAL	14.430,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/11/18-30/09/19)	
Subvención Concello de Vigo	13.000,00 €
Cuotas de socios	1.430,00 €



Concello de Vigo

TOTAL	14.430,00 €
--------------	--------------------

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 519/97, segundo resolución de data 16/05/1997.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 "Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"", cunha dotación orzamentaria de 13.000,00 €.

VI. En data 25/02/2019 o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 22/08/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, por atribución temporal de funcións mediante acordo de XGL do 03/05/2019, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO" (G36821817), que se

instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende novembro de 2018 ata setembro de 2019.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"

Segundo recolle os arts. 3 e 4 dos Estatutos da Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Fomentar o asociacionismo das persoas.
- Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para a súa defensa.
- Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Ana María Gil Lodeiro, con DNI 35984887F, en calidade de Presidenta da "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO" (CIF: G36821817), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8663/320.



Concello de Vigo

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 "*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*" cunha dotación orzamentaria de 13.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO" son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no



Concello de Vigo

momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **15 de outubro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización,



Concello de Vigo

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - **AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de 13.000,00 € (trece mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890006 denominada "*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*", incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

SEGUNDO. - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*" (CIF.- G36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de novembro de 2018 e setembro de 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 13.000,00 € (trece mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do

día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTENIMENTO E ALUGUER, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Ana Gil Lodeiro, con DNI 35984887F, en calidade de Presidenta da "Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo " (CIF: 36821817), con domicilio social na Rúa San Xosé, 22- baixo (esquina Travesía de Vigo, 46), de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8663/320.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.



Concello de Vigo

A tal fin, o Concello de Vigo reconece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal, sendo a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” unha das máis importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo.

III.- Que a entidade “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*”, de conformidade cos arts. 3 e 4 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Fomentar o asociacionismo das persoas.
- ✓ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, par a súa defensa.
- ✓ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- ✓ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- ✓ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- ✓ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- ✓ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 519/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”* leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2018 e 2019, en particular, as realizadas entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente

convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 13.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os

intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 01/11/2018 ata o 30/09/2019, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/11/18-30/09/19)	
Aluguer local	13.260,00 €
Lixo	170,00 €
Limpeza de local	1.000,00 €
TOTAL	14.430,00 €

IX.- Que a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*” comprométese a colaborar coa concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:



Concello de Vigo

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*” unha subvención por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/11/18 e o 30/09/19, en definitiva, para o fomento das mesmas.
2. Respectar a estrutura organizativa da “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*”.
3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con



Concello de Vigo

carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á *Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo* da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/11/2018 ata o 30/09/2019.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **15 de outubro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas

polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos,

informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e número total de participantes.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o



Concello de Vigo

programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados achegaranse facturas **electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES55 2080 0552 01 3040004976 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/11/18 e o 30/09/19.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención



Concello de Vigo

Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro

municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2019.

15(869).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DE 2019. EXPTE. 9620/307.

Dáse conta do informe-proposta de data 1/10/19, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento da lexislación de aplicación sobre contratos menores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), este servizo de Patrimonio Histórico propón **dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o terceiro trimestre de 2019:**

Expte (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
9569	Divulgación cultural dos xacementos de O Castro e Toralla das actividades organizadas polo servizo de Patrimonio Histórico dende o 15 de agosto ata o 31 decembro	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. (B-36917201)	13.323,31



Concello de Vigo

9533	Servizos sanitarios ecolóxicos en Villa Solita	ESPASANI – VIGO S.L. (B27782390)	1.306,80
9514	Organización e xestión da actividade “CONTOS DE INDIANOS” no verán de 2019 como actividade cultural -música e teatro- no equipamento municipal Finca Solita	Cora Velasco Pedrosa (77413220G)	4.308,36
9523	Actuación musical de folk-pop dentro das actividades previstas para os venres de verán 2019 no equipamento municipal Finca Solita	REGALAMUSICA S.L. (B27836923)	1.815
9556	Reparación puntual do circuíto de auga do sistema de climatización do equipamento municipal do Centro de Interpretación do Mundo Romano	FRICLIMA S.L. (B36618007)	242
9524	Divulgación das actividades organizadas polo servizo de Patrimonio Histórico durante o verán 2019	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L. (B-36614808)	5.089,26

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

16(870).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO VI PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA. EXPTE. 9612/307.

Visto o informe xurídico de data 27/09/19 e o informe de fiscalización do 1/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 30/09/19, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Concelleira delegada de Patrimonio Histórico, por resolución do 26 de setembro de 2019, inicia expediente para desenvolver o VI programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana.

A Concellería de Patrimonio Histórico ten encomendada a “protección, conservación, adecentamento, difusión e fomento do Patrimonio Cultural de Vigo”.

Así, considera que é de interese municipal realizar unha serie de actuacións cara a mellorar a imaxe urbana da cidade, e que o tratamento dos paramentos exteriores visibles dende a vía pública contribuirá ao realce da paisaxe e do noso patrimonio.

As catro edicións anteriores do programa desenvolvéronse nos anos 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019, e contaron cunha importante participación cidadá e coa colaboura de institucións educativas e asociacións culturais.

O obxecto do **Sexto programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e actuacións de dinamización dos espazos públicos** é :

- tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública tanto de titularidade pública como privada.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calqueira outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que os cidadáns poidan disfrutar libremente na cidade das expresións do novo arte contemporáneo.

A finalidade da convocatoria é contribuir ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic...

Neste sexto programa, continuador dos desenvolvidos nas anualidades 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019, desenvolveranse entre dez e quince actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ó orzamento dispoñible.

O programa estrutúrase en dúas **fases**: unha primeira de "Actuacións preparatorias", na que se seleccionarán os espazos, artistas e centros educativos, e outra segunda de execución dos murais ou outras expresións artísticas. A Concellería de Patrimonio Histórico, previo asesoramento dunha comisión técnica creada ao efecto, cursará as correspondentes invitacións ós artistas seleccionados, invitacións que se formalizarán a través da correspondente contratación, debendo o seleccionado cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración. A contratación extenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos.



Concello de Vigo

O **orçamento** estímase en 350.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2020.

O **prazo de execución** da actuación de arrumbamento será determinado no contrato correspondente.

Na base novena, prevense causas específicas de **resolución** do contrato que se deberán reflectir no contrato correspondente.

Tamén se prevé a cesión ó Concello dos dereitos de explotación das obras contratadas, circunstancia que tamén deberá expresarse en cada un dos contratos.

En canto á primeira fase, o procedemento de selección ven determinado no propio programa, e en canto a súa execución se estará ó disposto na Normativa reguladora da contratación das corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

En todo caso non é de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa reguladora das subvencións en canto o resultado da actividade de arrumbamento da escena urbá, por persoas suxeitas a dereito privado, non é de propiedade e utilización exclusiva do suxeito de dereito privado, artigo 2.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento de subvencións, senón que actuación conforma a paisaxe urbá, de propiedade colectiva.

O Concello é competente para desenvolver actuacións de rehabilitación da edificación, reforma interior dos barrios, mellora da súa habitabilidade, revitalización, recuperación e desenvolvemento en virtude das competencias que os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, atribúen ós municipios, en concreto a xestión e protección do patrimonio histórico e a promoción da cultura, así como o servizo de medio ambiente urbano.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

APROBAR O SEXTO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

VI PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS
CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE
CONFORMAN A PAISAXE URBANA

INTRODUCCIÓN

Co obxecto de mellorar a imaxe urbán da cidade, durante o ano 2015 desenvolveuse o Primeiro programa de tratamento de medianeiras e paredes vistas con pintura e murais decorativos; ademais tiveron lugar unha serie de actuacións artísticas complementarias (mapping, actividades musicais, de danza urbana e outras de natureza similar).

Os artistas foron seleccionados segundo preveían as bases rectoras do programa, rexistrándose os datos dos interesados en participar, segundo solicitude recibida, e que achegaron a súa traxectoria profesional.

Ademais o Programa contou cunha importante participación cidadá e coa colaboura de institucións educativas e asociacións culturais.

Nos anos 2016, 2017, 2018 e 2019 continuouse coa mesma liña de traballo, entendendo a cidade coma un lugar aberto á expresión artística e ofrecendo ao público un espectáculo único con diversidade de actuacións e exposicións. Coas intervencións do ano 2019 son xa 36 as medianeiras pintadas e 46 muros, e ademais se consolida o carácter internacional do evento coa presenza de artistas consagrados da escena mundial.

Os criterios de selección dos espazos foron fixados polo Concello coa colaboura dunha comisión asesora: idoneidade da medianeira ou muro, a súa localización, o seu grado de protección ou catalogación municipal e, por suposto, o interese da propiedade dos espazos escollidos que se manifestou previamente e por escrito ante o Concello.

O procedemento efectuouse baixo os principios de participación pública, publicidade, concorrencia e obxectividade.

PRIMEIRA.-OBXECTO

O obxecto do ***Quinto programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e actuacións de dinamización dos espazos públicos*** é :

- tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública tanto de titularidade pública como privada.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, activi-



Concello de Vigo

dades musicais ou calqueira outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.

- que os cidadáns poidan disfrutar libremente na cidade das expresións do novo arte contemporáneo.

SEGUNDA.- FIN

A finalidade da convocatoria é contribuir ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic...

TERCEIRA.- ÁMBITO

Neste quinto programa, continuador dos celebrados nos anos anteriores, desenvolveranse entre dez e quince actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ao orzamento dispoñible.

O Concello resérvase o dereito de modificar os lugares elixidos para as actuacións se as necesidades de tramitación así o aconsellan.

CUARTA.- PROGRAMA DA ACTUACIÓN

O programa estrutúrase en dúas fases:

Fase 1.- Actuacións preparatorias

1.1 Subfase de propostas dos espazos a tratar, colexios e institutos oficiais interesados no programa, artistas participantes

- Mediante anuncio na páxina web do Concello, www.vigo.org, e prensa local, abrirase un prazo de 15 días naturais, contados dende o día seguinte da súa publicación na prensa, para que os propietarios, asociacións de veciños, culturais, sociais,.. e en xeral calquera interesado poida formular propostas de espazos a tratar.

Cando as propostas veñan subscrias polos propietarios dos inmobles, deberán xuntar autorización da comunidade de propietarios que se inclúe como ANEXO I.

A cesión dos espazos de propiedade privada para o Programa, supón o compromiso de manter a obra artística alomenos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (barniz), aproximadamente seis anos.

- Durante o mesmo prazo de 15 días, as institucións educativas interesadas en participar no programa, colexios e institutos, achegarán solicitude de participación que se relaciona como ANEXO II. A súa actuación axustarase, en principio, ao espazo a tratar do propio Centro educativo.

- Os artistas, ou grupos de artistas relacionados coa creación artística contemporánea interesados en participar no Programa poderán achegar en calquera tempo xustificación da súa traxectoria profesional, que será considerada pola comisión técnica encargada de propor á concellería as invitacións oportunas para executar os traballos de decoración.

As propostas irán dirixidas á Concellería de Patrimonio Histórico, edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO.

1.2 Subfase de selección dos espazos a tratar, colexios e institutos interesados no programa e artistas participantes

1.2.1 Selección dos espazos

Unha comisión técnica, previo estudio da viabilidade das localizacións, propondrá á concellería os espazos a renovar dacordo cos seguintes criterios:

- que a medianeira ou muro visibles dende o espazo público estea en axeitadas condicións de seguridade estrutural e estanquidade .
- viabilidade técnica dos traballos.
- interese espacial e urbano.
- existencia de elementos descontextualizados como cables, caixas de servizos, etc.
- medianeiras con gran impacto visual no conxunto do núcleo.
- interese arquitectónico da edificación e proximidade a edificacións de interese.
- constancia de servidumes que afecten ás medianeiras ou ao seu mantemento.
- ambiente urbano degradado.
- patios degradados de uso público das edificacións.

A comisión será nomeada pola Concellería de Patrimonio histórico e nela estarán representadas asociacións culturais da cidade, expertos en arte urbano e técnicos municipais especializados na conservación do patrimonio histórico.

O réxime xurídico da comisión axustarase ás normas contidas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, sen prexuízo das peculiaridades organizativas da administración local da que depende, o Concello de Vigo.

A comisión poderá resolver calquera dúbida, imprevisto ou interpretación que se deriven das presentes bases.

Á vista da proposta de selección, técnicos designados pola concellería emitirán informe acompañado de detallado reportaxe fotográfico, no que se describa o estado da medianeira en canto a súa seguridade, conservación, impermeabilidade e demais consideracións técnicas a ter en conta con carácter previo á intervención.

Consideraranse aqueles espazos non seleccionados nas anteriores edicións por falta de crédito.

As posibles propostas non seleccionadas pasarán a formar parte dun inventario para próximas edicións.



Concello de Vigo

1.2.2 Selección dos artistas

Os artistas seleccionaranse por **invitación**, baixo dúas modalidades:

- Aqueles artistas urbanos de recoñecido prestixio serán, no seu caso, invitados pola concellería de Patrimonio histórico.
- Artistas propostos á concellería pola comisión técnica, a cal, previo exame da súa traxectoria profesional, formulará a correspondente proposta de invitación. Para a selección dos artistas considerarase o rexistro creado na Concellería de Patrimonio histórico coas solicitudes de participación.
- A persoa gañadora do concurso A Batalla Mural celebrado no marco da V edición do Programa de Medianeiras, segundo as Bases reguladoras da convocatoria da actividade (o primeiro premio consistira na participación como artista na seguinte edición do Programa de Medianeiras).

1.2.3 Selección dos colexios ou institutos

A comisión técnica propondrá á Concellería de Patrimonio Histórico os centros educativos nos que se actuará, tendo en conta os que se teñan interesado en participar nesta edición; aqueles que participaron en edicións anteriores, salvo excepción xustificada, quedarán excluídos da selección para a actual.

1.2.4 Características dos bosquexos/expresións artísticas

A comisión técnica será quen de indicar a cada artista por ela proposto e seleccionado pola concellería, o carácter do bosquexo a representar, con respecto tanto á creatividade do artista como á normativa específica de protección das zonas históricas.

Aínda que a temática en principio será libre, fíxanse os seguintes criterios:

- nas zonas históricas priorizaranse os murais históricos ou identitarios que relaten tanto a historia da cidade, as súas actividades, fontes de riqueza e aqueles aspectos que identifiquen á cidade; murais pictóricos que poñan en valor aos artistas plásticos galegos ou vencellados a Vigo e a súa historia.
- o resultado final no contexto do espazo a decorar.
- dificultades de mantemento.
- axuste ao presuposto máximo.
- prohíbese a representación de temáticas que constitúan apoloxía da violencia, obras de contido racista, sexista, xenófobo, obsceno, ou calquer outro que atente contra a dignidade das persoas.

En relación coas propostas dos colexios e institutos

A dirección do colexio ou instituto elixirá os cursos para que os alumnos realicen un debuxo de temática libre. Un equipo de traballo especializado dirixirá os traballos de traslado dos debuxos aos muros do centro educativo.

Fase 2.- Execución dos murais/proxectos artísticos

As invitacións para executar os tratamentos dos espazos con pintura, murais e demais expresións artísticas, formalizaranse a través da correspondente contratación.

O programa para intervir nos espazos, sexan muros ou medianeiras, incluso as actuacións nas paredes dos colexios, abrangue a súa decoración, sen que se poida estender á reparación dos muros ou medianeiras dañados.

O autor ou autores da pintura mural será a mesma persoa ou grupo de persoas que elaborou o bosquejo ou proxecto aprobado; os/as seleccionados deberán cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración, e executar os traballos con absoluto respecto ás medidas de seguridade laboral e de ocupación, no seu caso, da vía pública nas debidas condicións de seguridade e no prazo que sinala a concellería.

A contratación extenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos: pinturas, andamios, escaleiras ... debendo a adxudicataria dos traballos de preparación da medianeira ou espazo libre dispor dun seguro de responsabilidade dos danos que se poideran causar a persoas ou bens.

QUINTA. -DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL

Os dereitos de explotación das obras contratadas serán cedidos ao Concello de Vigo, incluíndo os dereitos de reprodución, difusión e exhibición públicas, quen poderá facer uso deles en calquera das modalidades previstas no Texto refundido da Propiedade intelectual e sen outros límites que os establecidos nesta e noutras normas que resulten de aplicación.

Neste senso, o documento contractual referido aos artistas incluírá a cesión dos devantitos dereitos.

O prezo do contrato será o pago único pola cesión dos dereitos de propiedade intelectual, sen que proceda liquidación algunha pola posterior utilización dos dereitos cedidos.

As cesións dos dereitos de propiedade intelectual non terán o carácter de exclusivas, de xeito que o artista poder facer uso destes, sempre que non se prexudiquen os dereitos do Concello. De se realizar esta explotación o artista deberá mencionar a contratación por parte do Concello de Vigo dentro deste Programa.

SEXTA. -DOCUMENTACIÓN

Fase 1.- Actuacións preparatorias

- Selección de espazos

A propiedade, asociacións de veciños, culturais, sociais, sociedades, e en xeral calquera interesado pode formular propostas de espazos a tratar, sempre que sexan visibles dende as zonas públicas, e deberán achegar:



Concello de Vigo

- emprazamento do espazo.
- fotografía actual.
- dimensións aproximadas.
- datos da propiedade.
- no caso de cesións de paredes de propiedade privada, autorización desta segundo ANEXO I.

- Selección de artistas

Os artistas interesados en participar achegarán :

- xustificación da súa traxectoria profesional.
- fotocopia do DNI (pasaporte do participante e, no seu caso, de cada un dos compoñentes do grupo).

Os artistas seleccionados, deberán achegar:

- autorización ao Concello de Vigo para a publicación, reprodución ou distribución, total ou parcial, da obra seleccionada na execución do Programa con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que puidera derivarse nos termos do disposto no RD Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, asinada polo autor ou representante do grupo (ANEXO III)
- declaración responsable de cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración, executar os traballos con absoluto respecto ás medidas de seguridade laboral e de ocupación no seu caso da vía pública nas debidas condicións de seguridade (ANEXO IV) e demais documentación que sexa requiririda polo Concello de Vigo con carácter previo á súa contratación.

SÉTIMA.- OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Sétima.1 DOS ARTISTAS SELECCIONADOS

- Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento da obra.
- Realizar a obra consonte ó bosquexo ou proxecto aprobado.
- Responder da autenticidade da obra, baixo a persoal responsabilidade da persoa que realice o bosquexo.
- Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos que se poidan causar a persoas e bens durante a execución da obras.

Sétima.2 DA PROPIEDAD DOS ELEMENTOS A DECORAR

Asumir o compromiso para garantir no futuro o mantemento da pintura, da aparencia do edificio nunhas axeitadas condicións estéticas consonte coas obras executadas, alomenos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (barniz), aproximadamente seis anos.

Sétima.3 DA ADXUDICATARIA DOS TRABALLOS DE PREPARACIÓN DA MEDIANEIRA OU ESPAZO LIBRE

Segundo expediente de contratación das obras que se tramite ao efecto.

OITAVA.- FINANCIACIÓN

A cantidade destinada a este **VI programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos** estímase en 350.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2020.

NOVENA.- RÉXIME SANCIONADOR

Será causa específica de resolución do contrato co artista, a actitude violenta ou falta de respecto dos artistas aos demais participantes ou asistentes.

A rescisión poderá implicar a prohibición de participar en futuros programas durante un tempo que se determinará en función das circunstancias que concorran.

Será tamén motivos para a resolución:

- a. A realización de pinturas fora dos espazos designados polo concello para este evento
- b. A alteración das obras doutros participantes
- c. O plaxio das obras doutros artistas
- d. A non correspondencia das obras co seu bosquejo ou proxecto orixinal

DISPOSICIÓNS FINAIS

A participación no Programa supón a aceptación destas bases na súa totalidade.

As actuacións serán gravadas e/ou fotografiadas e poderán ser reproducidas e /ou expostas polo Concello.

ANEXO I: AUTORIZACIÓN DA PROPIEDAD DA PAREDE

D.
no seu propio nome/en representación da Comunidade de propietarios do inmoble sito en
con DNI/Pasaporte núm..... e enderezo electrónico a efectos de notificacións (no caso de representación da Comunidade da Propiedade, acompañarase copia do nomeamento)

autorizo ao Concello de Vigo para decorar con pintura, a través do VI PROGRAMA para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, a parede/medianeira da súa



Concello de Vigo

propiedade, tal e como se recolle no acordo da xunta xeral da comunidade de propietarios de data, do que se achega un exemplar. Ademáis, esta comunidade da propiedade do inmovible sinalado ACEPTA o traballo artístico plasmado no espazo que se autorizou ao efecto e se compromete a impedir a súa eliminación por calquera membro da comunidade da propiedade. Alomenos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (barniz), aproximadamente seis anos; de producirse esta situación, asume o compromiso de comunicarlle inmediatamente ao Concello de Vigo ou á persoa que actúe na súa representación, quen exercerá as accións oportunas.

O que asino en Vigo, o de de 20...

Sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico,
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

ANEXO II: SOLICITUDE DE CENTROS EDUCATIVOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA (COLEXIOS E INSTITUTOS)

O centro educativo, colexio / instituto.....

actuando na súa e
don/dona..... representación,
(especificar o cargo),
con DNI/Pasaporte núm....., e con enderezo de correo electrónico a
efectos de notificacións

solicito participación do citado centro no VI PROGRAMA para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana.

En Vigo, o de de 20.....

Selo e sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico,
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

ANEXO III: DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN E COMPROMISO

D/Dna.....

con DNI..... , en nome propio e/ou representación (que acredito en documento anexo) do meu grupo, integrado por:

....., con DNI/NIF

....., con DNI/NIF

....., con DNI/NIF

autorizo ao Concello de Vigo para a publicación, reprodución ou distribución, total ou parcial, da obra seleccionada no VI *PROGRAMA para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana*, con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que poida derivarse e nos termos esixidos no Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

En Vigo, de de 20.....

Sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico,
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

ANEXO IV: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dña....., con NIF

..... e con enderezo en

.....en calidade de **(sólo no caso de representación de sociedades, indicando a denominación do cargo, CIF da empresa e acompañarase de copia de escritura de representación/apoderamento)**

1.- **DECLARO** que teño (ou a empresa ten) plena capacidade para contratar de acordo con lo establecido en los artigos 65, 66 e 84 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

2.- **DECLARO** que non me atopo incurso (ou a empresa non se atopa incurso) nas causas de incapacidade para contratar coa administración pública recollidas no artigo 71 da citada lei.

3.- **SINALO** como enderezo de correo electrónico a efectos de notificacións a seguinte:
.....



Concello de Vigo

E para que conste ante o Concello de Vigo asino a presente declaración en, a día de dous mil..... **(a data consignarase en letra)**

Asdo.:
(no caso de empresas, ademais o selo da mesma)

(Os textos en **negrita son explicativos polo que NON DEBERÁN FIGURAR na declaración que se presente)*

Concellería de Patrimonio Histórico,
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

17(871).- NOMEAMENTO INTERINO DE UN/UNHA TÉCNICO/A DE XESTIÓN POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS (BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, PARA GABINETE DE ALCALDÍA. EXPTE. 34602/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25/09/19, dáse conta do informe-proposta de data 16/09/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data 29/07/2019, a Xefa da área de xestión patrimonial e territorial coa conformidade da Concelleira delegada da área de contratación, patrimonio e xestión municipal, para o desenvolvemento das funcións de estudo, instrución, asesoramento e proposta de resolución de expedientes e asuntos de gran transcendencia cara ao exterior debido ás competencias legais que lle corresponden ao órgano representativo do Concello, solicita o nomeamento con carácter interino, de acordo co artigo 10.1 do TRLEP dun técnico/a de xestión para Alcaldía.

II.- En resposta a esta petición, a Concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 29/08/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino dun/dunha técnico de xestión para Alcaldía, para que, polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude formulada.

III.- Con data 10/09/2019, polo Técnico de Organización e Planificación, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo



Concello de Vigo

781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 179-técnico/a de xestión), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no

ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa da área de xestión patrimonial e territorial conformado pola Concelleira delegada da área de contratación, patrimonio e xestión municipal, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da



Concello de Vigo

Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe técnico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período comprendido entre o 16/09/2019 -data prevista do nomeamento-, ata o 15/03/2020, de un/unha técnico/a de xestión, supón un gasto de **19.669,94 €** (11.357,69 € correspondentes ao ano 2019 e 8.312,25 € correspondentes ao ano 2020), ao que haberá que engadirse a cantidade de **6.200,03 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa (3.555,65 € correspondentes ao ano 2019 e 2.644,38 € correspondentes ao ano 2020).

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do orzamento dos exercicios económicos 2019 (3,5 meses) e 2020 (2,5 meses).

Así mesmo, aclara que de aprobarse o presente expediente obrigaría a incorporar o correspondente AFUT no vindeiro orzamento 2020 nunha contía de 8.312,25 € correspondentes ao vindeiro exercicio 2020.

Engade en resumo, que as cantidades comprometidas nos diferentes AFUT nos diferentes exercicios son as seguintes: por un total de 883.821,93€, 2021, por un total de 96.885,16€ e, 2022, por un total de 24.214,46€, co que a partida 920.0.1400000 que foi aprobada cun crédito inicial de **578.742,75€**, foi incrementada en 5 modificacións orzamentarias nunha contía de **2.808.970,26€**, ascendendo a un total de **3.387.713,01€**. Ata a data foi autorizado un gasto por un importe de **3.002.677,74€**, polo que o saldo desta partida neste intre é de **179.820,63€**, estando pendente de fiscalización o presente expediente 34602/220 por importe de **19.669,94€**, e outros expedientes en trámite, polo que o saldo real da partida 920.0.1400000 ascende neste momento a **46.494,98€**.

Non obstante, e considerando a obxección que se indica no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, así como á vista da duración deste nomeamento; solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente, verificadas as listaxes de reserva para a categoría de técnico/a de xestión, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como técnico/a de xestión de D^a. Noa Pérez Lorenzo, con DNI ***3764**,de

conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

A mesma aceptou expresamente, mediante escrito que consta anexado ao expediente, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de datas 18/06/2019, 26/06/2019 e 02/09/2019, e acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019, 04/07/2019 e 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento da funcionaria interina por acumulación de tarefas, como **Técnico de xestión**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido o dito período, xustificada nas necesidades do Gabinete de Alcaldía, que constan no escrito da Xefa da área de xestión patrimonial e territorial coa conformidade da Concelleira delegada da área de contratación, patrimonio e xestión municipal de data 29/08/2019.

En consecuencia, autorizar o gasto de **19.669,94 € (11.357,69 € correspondentes ao ano 2019 e 8.312,25 € correspondentes ao ano 2020)**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **6.200,03 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa (**3.555,65 € correspondentes ao ano 2019 e 2.644,38 € correspondentes ao ano 2020**), que constan no informe técnico anexado ao expediente, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas, por un período máximo de seis meses, como **Técnico/a de xestión** a D^a. Noa Pérez Lorenzo, con DNI ***3764**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.



Concello de Vigo

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP - por un máximo de seis meses, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 179- Técnico/a de xestión, sendo adscrita ao Gabinete Alcaldía (cód. 101), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo á aspirante nomeada, á xefa da área de xestión patrimonial e territorial, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(873).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO (TREBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 34714/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 1/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 05/09/2019, a xefa da área de Réxime Interior, coa conformidade da concelleira-delegada área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, emite informe sobre as necesidades de persoal manifestando a urxente necesidade de tres auxiliares de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 20/09/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 23/09/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:



Concello de Vigo

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase

mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."



Concello de Vigo

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da xefa da área de recursos humanos e formación, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de tres auxiliares para o Servizo de Estatística (cód. 234), e tendo en conta o nomeamento entre o 1 de outubro de 2019 e o 31 de marzo de 2020, supón un gasto de **35.853,28 €**, dos que 17.708,66 €, corresponden ao presente exercicio e, 18.144,62 € ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **11.549,34 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 5.704,28 €, corresponden ao presente exercicio e 5.844,42 € ao vindeiro exercicio 2020.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do orzamento do exercicio 2019 (3 meses) e ao vindeiro ano 2020 (3 mes).

Así mesmo, aclara que de aprobarse o presente expediente obrigaría a incorporar o correspondente AFUT no vindeiro orzamento 2020 nunha contía total de **18.044,62 €**.

Engade en resumo, que as cantidades comprometidas nos diferentes AFUT nos diferentes exercicios son as seguintes: 2020, por un total de 1.027.602,65 €, 2021, por un total de 96.885,16€ e, 2022, por un total de 24.214,46€.

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existes listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como auxiliares de administración xeral a D^a. Cobos Casas, T. con DNI ***8351**, D^a. Entenza García, T. con DNI ***1030** e D^a. Lorenzo Ramírez. M. A. con DNI ***0160**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación e da sra. concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/201 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Auxiliares de Admón. Xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades no Servizo de Estatística contidas no escrito de data 05/09/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **35.853,28 €**, dos que 17.708,66 €, corresponden ao presente exercicio e, 18.144,62 € ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **11.549,34 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 5.704,28 €, corresponden ao presente exercicio e 5.844,42 € ao vindeiro exercicio 2020, reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como Auxiliares Admón. Xeral a D^a. Cobos Casas, T. con DNI ***8351**, D^a. Entenza García, T. con DNI ***1030** e D^a. Lorenzo Ramírez. M. A. con



Concello de Vigo

DNI ***0160**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 138-Auxiliar, sendo adscritos/as o Servizo de Estatística (cód. 234), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á xefa do Servizo de Estatística, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(874).- PROPOSTA DEL NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO ÁS PRAZAS DE CONDUTOR-BOMBEIRO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, POLA QUENDA LIBRE, OEP 2015. EXPTE: 34773/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 3/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de decembro de 2015, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente a 2015 (publicación no BOP do 26/01/2016 e no DOG de 10/02/2016).

2. As bases xerais reitoras dos procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas que configuran as Ofertas de Emprego Público 2014, 2015 e 2016 aprobáronse pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de febreiro de 2018, tendo sido publicadas no BOP do 26/03/2018. Así mesmo publícase unha rectificación de erros nas bases no BOP do 07/06/2018, por acordo da Xunta de Goberno Local de 18/05/2018. O anuncio breve das bases e a súa rectificación publícase no DOG de 25/06/2018.

3. Foron convocadas, entre outras, dúas prazas de Conductor-bombeiro, incluídas no Subgrupo C2 de titulación; escala de administración especial; subescala, servizos especiais; clase extinción de incendios, conductor-bombeiro; quenda de acceso: libre.

4. De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base 14 das xerais, o/os aspirante/s aprobado/s unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, será/n nomeado/a funcionario/a en prácticas, debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.

5. En data 21 de febreiro de 2019, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, acordou:

"PRIMEIRO: Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **Conductor-Bombeiro**, aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUA- CIÓN S TO- TAIS
13	CASTRO GONZÁLEZ	JORGE LUIS	36***1*2*	32,075
42	LAGO BARCIELA	DIEGO	77****77*	30,425

6. En data 26 de febreiro de 2019, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal na data citada, resolveu:

"Primeiro.- Constituír unha Comisión especial de valoración, encargada de efectuar a proposta de nomeamento de dous funcionarios de carreira con cargo ás prazas de conductor bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, ao aspirantes que, tendo aprobada a oposición e foron nomeados en prácticas por acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de febreiro de 2019, unha vez superen o curso selectivo contemplado na base VII das específicas".

7. En data 27 de setembro de 2019 a Comisión Especial de Valoración constituída ao efecto, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como funcionarios de carreira con cargo ás prazas vacantes de Conductor Bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, pola



Concello de Vigo

quenda libre, correspondente á Oferta de Emprego Público 2015 a D. JORGE LUIS CASTRO GONZÁLEZ, con DNI ***3810** e a D. DIEGO LAGO BARCIELA, con DNI ***0667** unha vez que superaron de forma satisfactoria o curso teórico-práctico previsto nas bases da convocatoria, antes do seu nomeamento definitivo.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 18/06/2019, 26/06/2019 e acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Nomear **funcionarios de carreira** con cargo ás prazas vacantes de **Condutor Bombeiro** do Servizo de Extinción de Incendios, incluídas na OEP 2015, aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 21 de febreiro de 2019, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-práctico previsto nas bases da convocatoria:

APELIDOS	NOME	DNI
CASTRO GONZÁLEZ	JORGE LUIS	***3810**
LAGO BARCIELA	DIEGO	***0667**

SEGUNDO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados, a Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(875).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA O “ESTUDO E ANÁLISE TÉCNICA DAS INFRAESTRUCTURAS E SERVICIOS VINCULADOS Á REDE DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 336/441.

Visto o informe xurídico de data 30/09/19 e o informe de fiscalización do 3/10/19, dáse conta do informe-proposta do 26/09/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo do Pleno do Concello de Vigo adoptado en sesión de 25 de outubro de 1990, adxudicouse á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO” (hoxe denominada “FCC AQUALIA, S.A. Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.”) a concesión da Xestión Integral do Servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato, período que finaliza o 31 decembro de 2020.

Terceiro.- Con data 14 de setembro de 2018, o 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o procedemento preparatorio para a liquidación do contrato de concesión para a xestión do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

Cuarto.- Dende a Concellería de Fomento e Servizos estanse a realizar as actuacións preparatorias necesarias para a liquidación da concesión do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento no termo municipal de Vigo, así como para definir as novas necesidades a contemplar no novo contrato para a xestión do servizo.

Quinto.- Entre os traballos técnicos necesarios para realizar as actuacións descritas, atópase a elaboración dun “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo”.

Sexto.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización do servizo obxecto deste expediente, emítase informe de necesidade e idoneidade, asinado en datas 2 e 4 de xullo, polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, a Técnica de Administración Xeral e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, ao abeiro do cal, en data 4 de xullo de 2019, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do citado expediente de contratación.

Sétimo.- No expediente contratación consta a documentación que segue:



Concello de Vigo

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, a Técnica de Administración Xeral e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario en datas 02.07.2019 e 04.07.2019, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 18.07.19.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 25.09.2019.
- d) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 25.09.2019.
- e) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 25.09.2019.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de contratación en data 25.09.2019.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos **SERVIZOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA O “ESTUDO E ANÁLISE TÉCNICA DAS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS VINCULADOS Á REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE VIGO”**.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 25.09.2019.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 25.09.2019

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO VINTE E UN MIL CENTO VINTE E CATRO EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (121.124,53 €)**, sendo o importe correspondente ao **IVE de 21.021,61 € €**.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1610.227.0600 (ESTUDOS E CONTROIS SERVIZO AUGA E ABASTECIMENTO).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2019	50.000,00 €
2020	71.124,53 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

21(876).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.K.5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V”,EXPTE. 4414/443.

Visto o informe de fiscalización de data 07/10/19, dáse conta do informe-proposta do 04/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- En data 3 de marzo de 2006 asinouse un acordo entre o Ministerio de Fomento, a enton Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo co fin de dotar das máximas posibilidades de intermodalidad á futura estación de Vigo e moi especialmente para facilitar unhas adecuadas conexións co transporte público.

2º.- Co fin de dar cobertura á nova estación intermodal e o Centro Vialia, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda iniciou a tramitación do Proxecto Integrador da Intermodal de Vigo promovido por Adif- Alta Velocidade no marco da Lei 3/2016, por consideralo un proxecto público de urxencia ou de excepcional interese desconforme coa formulación urbanística. Dentro do trámite de información pública, o Concello de Vigo propuxo unha mellora dos accesos ao Centro Vialia e á nova Estación de autobuses. Co obxecto de integrar esta proposta de accesos no proxecto integrador, Adif presentou unha Adenda que se incorporou ao expediente.

Con data 12 de outubro de 2017, a Subdirección Xeral de Explotación da Dirección Xeral de carreteras do Ministerio de Fomento emitiu informe sobre o Proxecto integrado do centro Vialia, estación de Vigo e terminal de autobuses no que instaba a redacción do correspondente proxecto de trazado que conteña o correspondente estudo de tráfico, en cumprimento do artigo 36.9 da Lei 37/2015, de Carreteras e do apartado Quinto da Orde FOM/2873/2007.

3º.- De conformidade cos requisitos establecidos na Lei 3/2016, o proxecto integrador foi sometido a Evaluación ambiental simplificada que concluíu con Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 14 de setembro de 2017.

4º.- En data 31 de maio de 2018, asinouse o Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade Pública Empresarial Adif-Alta Velocidad (publicado no BOE de data 10 de xullo de 2010) co obxecto de establecer e concretar o réxime de colaboración, para a execución e financiamento das obras relativas aos accesos viarios rodados, desde a Autoestrada AP-9 e a Rúa Lepanto á futura Estación Intermodal, e resto de vialidade colindante coa mesma.

Na cláusula segunda deste Convenio, contemplase a solución proposta de actuacións, que se recolle na Adenda ao Proxecto de Integración Vialia Estación de Vigo e Estación de Autobuses elaborado por Adif-Alta Velocidade, que segrega as actuacións en distintos tramos:

- Ramal de Conexión Estación de Autobuses coa AP-9
- Túnel saída Rúa Lepanto a AP-9
- Conexión da AP-9 con Centro-Vialia
- Demolición do viaducto da Rúa Lepanto
- Instalacións e Balizamentos

Ademais, segundo se recolle nesta Cláusula, dado que parte dos terreos son de titularidade do Estado ao ser a AP-9 unha infraestrutura da Rede Xeral de Carreteras, colindante coa futura estación intermodal é necesario redactar o proxecto de trazado e estudo das alternativas para o desenvolvemento das obras.

Nesta Clausula se establece que o coste das actuacións se estima en 10.721.112 euros (IVE incluído) que verá afectado polas concrecións de prezos dos proxectos correspondentes, as baixas de adxudicación da obra, as revisións de prezos, modificados, complementarios e en xeral polas incidencias de contido económico, que poidan producirse no desenvolvemento dos contratos sempre que sexan xustificadas.

Asemade, na Cláusula sexta establécense, entre outros, os seguintes compromisos do Concello de Vigo:

- Licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras do proxecto de Construción de Conexión Túnel Lepanto AP-9. Tramo 1 Lepanto-Estación de Autobuses, así como a financiarlas nun 50%.
- Licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras do proxecto de Demolición do paso elevado da Rúa Lepanto, financiándoas ao 100%.
- Licitar, adxudicar, executar e dirixir a execución relativa as obras da actuación do proxecto de Instalacións e Balizamentos, financiándoas nun 19,3469%.

5º.- Con data 4 de outubro de 2018, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Proxecto integrado Centro Vialia- estación de Vigo e terminal de autobuses, como proxecto público de urxencia ou excepcional interes, tramitado ao amparo da Lei 3/2016.

6º.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 26 de decembro de 2018 recolle dentro do capítulo VI, a aplicación orzamentaria 1532.609.00.90“ Fondos Propios Acceso Estación AVE”.

7º.- Reunida con data 05.11.2018, a Comisión de Seguimento do citado Convenio, constituída ao amparo da cláusula sétima do mesmo, se adoptaron, entre outros, os seguintes acordos:

- Actualización dos costes económicos das cinco actuacións, que comprenden a execución dos accesos e a nova viabilidade urbana do entorno da Estación Intermodal de Vigo de acordo co presuposto definitivo do proxecto de execución e reaxuste das anualidades de acordo coa planificación das obras.

-Dada a imposibilidade de iniciar as obras no ano 2018 se acorda trasladar as anualidades de 2018 ao ano 2020.

-O Concello de Vigo licitará conxuntamente as obras de accesos que teñen encomendadas no Convenio o propio Concello e adif Alta Velocidade, así como as asistencias técnicas de dirección facultativa correspondente.

- O Concello de Vigo asumira a responsabilidade de tramitar os expedientes de contratación



Concello de Vigo

necesarios para á redacción do proxecto, execución das obras e dos servizos de dirección e asistencia á dirección de obras da praza que dá acceso a Vialia-Estación de Vigo, non incluída entre as actuacións do Convenio inicial.

Posteriormente, en sesión de data 19.06.2019, a Comisión de Seguimento, acordou, entre outras cuestións:

- Actualización dos costes económicos das actuacións, que comprenden a execución dos accesos e a nova viabilidade urbana do entorno da Estación Intermodal de Vigo de acordo co presuposto definitivo do proxecto de execución incluíndo as actuacións consensuadas.
- A asistencia técnica para a coordinación de todas as actuacións que se integran na obra da estación intermodal será contratada por Adif-Alta velocidade.
- O Concello de Vigo asumira a responsabilidade de tramitar os expedientes de contratación necesarios para a redacción do proxecto, execución das obras e servizos de dirección e asistencia a dirección de obras da actuación "urbanización dos espazos intersticiais" que non está incluído en ningunha das actuacións do Convenio.

Posteriormente, en sesión de data 02.09.2019, a Comisión de Seguimento, acordou, entre outras cuestións:

- Cada Administración iniciará a tramitación correspondente da Adenda ao Convenio, unha vez consensuado o borrador desta que se adxunta á Acta.

As novas actuacións acordadas polas devanditas Comisións de Seguimento, ao amparo do contido do Convenio, se formalizarán mediante a correspondente Adenda ao mesmo que se atopa en tramitación (Expediente 323/403) .

8º.- No expediente consta resolución da Dirección Xeral de estradas do Ministerio de Fomento, de data 6 de agosto de 2019, autorizando a execución das obras correspondentes ao Proxecto Integrador da Remodelación da Ligazón do P. K. 5+000 da autoestrada AP-9V, con suxeición ás seguintes Condicións Particulares e Xerais:

"CONDICIÓNNS PARTICULARES

1. As obras executaranse de acordo coa documentación e ao Proxecto Integrador, sendo os titulares da autorización a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade Pública Empresarial ADIF-Alta Velocidade, para a execución das obras dos accesos e nova vialidade urbana da contorna da Estación Intermodal de Vigo, en virtude da repartición para a execución das actuacións, e a posterior conservación que se define no convenio do 31 de maio de 2018 (publicado BOE/BOE do 10 de xullo de 2018).

2. Segundo indícase no propio proxecto, dispoñeranse un total de 4 (CATRO) barreiras de acceso ao aparcamento, de forma que quede garantida unha capacidade mínima de 1.000 vehículos á hora, e incorporando unha barreira de entrada adicional de reserva dentro dese total de catro barreiras.

3. En canto á sinalización variable, deberase desprazar os paneis de mensaxe variables definidos no proxecto e situalos entre os semienlaces de Buenos Aires e Isaac Peral, de forma que sexa posible o proporcionar información e desviar o tráfico polo semienlace de Isaac Peral. A sinalización variable debe estar operativa antes do inicio das obras, para a súa efectividade completa durante as mesmas.

4. En canto á sinalización e balizamento que se dispón:

i. O segundo pórtico que se dispón de entrada cara a Vigo, situado no PK 4+300V, mantén a sinalización de dirección propia dos dous destinos segregados, pero se preseñaliza a saída pola esquerda, a 250 metros, dedicada só para autobuses. A saída se preseñaliza como saída 3, sendo conveniente denominala saída 5.

ii. O terceiro pórtico que se dispón de entrada cara a Vigo, na contorna do PK 4+500V, serve para sinalizar a saída inmediata pola esquerda para os Autobuses. Sinalízase a dirección propia do destino centro comercial Vialia para o carril segregado da esquerda, pero non a dirección propia do destino Vigo para o carril segregado da dereita. Deberase sinalizar a dirección propia do destino Vigo neste terceiro pórtico.

iii. No ramal de acceso ao centro comercial Vialia colócanse bandas transversais de alerta antes do xiro á esquerda que se realiza mediante o lazo, para alertar da curva reducida. Recoméndase colocar as bandas transversais de alerta na recta, antes da curva.

5. Aínda que se entende que a formulación dos desvíos para acceder á autoestrada na fase de obras entre os meses 19 e 21 realízase en viario de titularidade municipal previamente á entrada dos vehículos á Rede de Estradas do Estado, e por tanto, considéranse responsabilidade de devandito titular e do promotor das actuacións, considérase e por iso recoméndase que se debería manter a posibilidade de manter o paso pola glorieta da Estación do FFCC de Urzáiz durante as obras, ou polo menos de reducir a duración do corte no posible, o cal permitiría, unha vez demolido o paso superior sobre a rúa Alfonso XIII, a posibilidade de desvío a través de dita rúa de Alfonso XIII e da avenida García Barbón cara á entrada á AP-9V de Isaac Peral (diversificando as alternativas e favorecendo a fluidez e capacidade), ou mesmo en caso necesario, de implementar a solución de habilitar dobre sentido de circulación no actual ramal de saída do semienlace do PK 5+000, que o Proxecto de Trazado expuña durante a fase de traballos de emboquille do túnel e demolición do viaduto de Lepanto.

6. Dado que a execución das pantallas antirruído desenvolverase nunha fase final das obras, previamente ao comezo da súa implantación, deberá presentarse para a súa aprobación ante a Dirección Xeral de Estradas o detalle da solución e do seu procedemento construtivo das citadas pantallas antirruído e das súas cimentacións, así como os seus cálculos correspondentes, actualizados cos datos xeotécnicos que se obteñan durante a execución das obras, así como coas condicións reais de conservación e mantemento da estrutura actual que se comprobem e verifiquen durante os devanditos traballos. A tipoloxía, morfoloxía e xeometría das pantallas e das súas cimentacións, así como o seu proceso construtivo, deberá conter as modificacións ou adaptacións que fosen precisas tras a devandita actualización.

7. Deberá garantirse en todo momento a seguridade viaria e peonil.

8. Deberase coordinar as actuacións antes da execución das obras con AUDASA, así como obter as autorizacións que puidesen corresponder ao Ministerio de Fomento en canto á afección ao tráfico, ao obxecto de garantir o servizo da autoestrada en todo momento durante as obras, cunha mínima afección ao tráfico.

9. As obras deberán quedar terminadas no prazo de DOUS (2) ANOS contado a partir da data da resolución; transcorrido este prazo sen que se solicitou prórroga xustificada, esta



Concello de Vigo

autorización non terá validez nin efecto. A non iniciación das obras dentro do prazo sinalado para a súa terminación será causa suficiente sen máis trámite, para caducidade da autorización con perda de todos os dereitos.

10. Calquera outro tipo de obras que se precise realizar dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexan complementarias da solicitada, como pasos de cunetas, cercas, accesos, desaugadoiros, saneamentos, conducións etc., non figuradas explicitamente neste condicionado, requirirán autorización aparte, sen que esta autorización implique en ningún caso concesión de acceso nin a modificación de uso dun existente.

11. O petionario será responsable da boa conservación e limpeza permanente da obra e do terreo situado entre esta e a estrada, debendo retirar á terminación das obras todos os materiais sobrantes e entullos.

12. A autorización concedida só versa sobre materia de estradas, estando vinculada ao resto de autorizacións administrativas necesarias, tales como a concesión da licenza municipal correspondente ou visados técnicos.

CONDICIÓNS XERAIS

1. A autorización outorgarase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiro e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non supoñerá en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola Administración Xeral do Estado de responsabilidade algunha respecto do titular da autorización ou de terceiros.

2. As obras ou instalacións autorizadas iniciaranse e finalizarán dentro dos prazos que se determinen nesta autorización.

3. Non se poderán iniciar as obras sen que a Dirección de Estradas recoñecese de conformidade a súa reformulo. Para estes efectos, o interesado avisará á citada Dirección Xeral, cunha antelación mínima de dez días, da data que prevexa para dita operación. O citado Centro Directivo estenderá unha Acta de Conformidade, ou no seu caso, fará constar os reparos que entenda oportunos, concedendo o prazo necesario para a corrección. A Acta de Conformidade do reformulo implicará o permiso definitivo de iniciación das obras.

4. As obras executaranse segundo o proxecto presentado, no seu caso, e as condicións impostas na autorización, sen interromper nin dificultar a circulación da estrada. O interesado sinalizará as obras de acordo coa norma 8.3—I. C.

5. Se a Dirección Xeral de Estradas apreciase desviacións respecto do proxecto presentado, no seu caso, ou das condicións impostas na autorización, solicitará da autoridade competente a que se refire o Artigo 44. Competencia, da Lei 37/2015, do 29 de Setembro, de Estradas, a paralización das obras ata que se emenden aquelas, sen prexuízo de instruír o expediente sancionador que proceda.

6. O titular da autorización deberá repoñer ao seu cargo, os elementos da estrada que resulten danados pola execución das obras, restituíndoos ás condicións anteriores de seguridade, funcionalidade e aspecto.

7. A Dirección Xeral de Estradas recoñecerá a terminación das obras. Para estes efectos, o interesado avisará ao servizo competente, cunha antelación mínima de 10 días, da data que prevea para dita operación. O citado Centro directivo estenderá unha Acta de Conformidade, ou no seu caso, fará constar os reparos que entenda oportunos, concedendo un prazo necesario para a corrección.

8. A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisíbel previa notificación á Dirección Xeral de Estradas do cambio de titularidade.”

9º.- Para levar a cabo ditas actuacións, a empresa PROYFE S.L. presentou proxecto de construción “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.K.5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. David Pardiñas Lamas, cun orzamento base de licitación máis IVE de ONCE MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E TRES MIL CATROCENTOS CATRO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (11.843.404,33 €).

10º.- Con data 4 de outubro de 2019, o Xefe de Urbanización e Infraestruturas da Xerencia de Urbanismo do Concello emite informe no que se indica que as actuacións recollidas no Proxecto de construción de “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.K.5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V”, redactado pola empresa PROYFE S.L. se inclúen no ámbito do Proxecto integrado Centro Vialía- Estación de Vigo e Terminal de autobuses, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia de data 4 de outubro de 2018, como proxecto público de urxencia ou excepcional interes ao amparo da Lei 3/2016.

11º.- Con data 4 de outubro de 2019, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, á vista do Informe-proposta do Xefe de Servizo Administrativo e Control Orzamentario resolveu iniciar o expediente para a aprobación do proxecto de construción de “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.K.5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V”.

12º.-Propónse unha actuación global correspondente á remodelación do ligazón do P.K. 5+000 da Autoestrada AP-9V en Vigo (Pontevedra), motivada pola necesidade de optimizar os accesos ao ámbito do proxecto integrado da Estación Intermodal de Vigo, que inclúe a Estación do Ferrocarril e a Terminal de Autobuses, e o Centro Vialía. Este Proxecto comprende as seguintes actuacións:

A) Conexión estación intermodal -AP-9.

Correspóndese coas actuacións a realizar sobre as calzadas da AP-9V e a execución de dous novos viais: o Túnel de Lepanto, desde a súa saída da estación ata a súa conexión coa calzada esquerda da AP-9V, e o Acceso a Vialía, exceptuando o tramo cuxa planta queda incluída dentro do contorno da estación, que forma parte dos alcances do Proxecto da Estación de Autobuses, desenvolto pola Xunta de Galicia. Consisten as obras a executar no enumerado a continuación:

- Construción dun túnel de acceso a Vialía desde a AP-9V, con trazado curvo de lonxitude 84,82 m con un carril de 4,00 m de ancho (mínimo), con 2 beiravías de 1,00m, e 2 beirarrúas de 0,75 m , gálibo vertical mínimo de 5,00 m e unha pendente máxima do 10%.
- Construción dunha nova saída da cidade de Vigo dende a rúa Lepanto pola AP-9V alternativa á existente, se inclúe neste proxecto o tramo que discorre dende a estación ata



Concello de Vigo

a súa conexión coa calzada de saída da AP-9V, de lonxitude 83,325 m con un carril de 4,00 m de ancho, con 2 beiravías de 1,00m, e beirarrúas de 0,75 m.

- Adecuación, afirmado e pavimentado da conexión da saída anterior da estación cara á AP-9V de saída da cidade cunha lonxitude de 213,288 m e 95,004 m .
- Adecuación, afirmado e pavimentado da AP-9V no acceso a Vigo (calzada dereita) nunha lonxitude de 481,184 m. Se deseña unha ampliación de la plataforma por esta mesma marxe para prolongar durante 400 m a sección de 2 carrís.
- Construción dos accesos de entrada e saída dos peiraos de carga e dos accesos ao aparcamento da estación e do centro Vialia á AP-9V.
- Execución dunha nova pasarela peonil metálica de lonxitude 144,756 m, debida á modificación da traza AP-9V para o cruce sobre a mesma, conectando a pasarela existente coa senda peonil que comunica a rúa Navarra con Canadelo.
- Execución do drenaxe e obra civil correspondente as citadas actuacións.
- Demolición e construción de muros asociados as obras anteriores.
- Outras obras complementarias: revestimento túneles, cerramento pasarela e cerramento urbano.

B) Conexión túnel de Lepanto – AP-9.

Corresponde á actuación dunha nova saída da Cidade de Vigo dende a rúa Lepanto pola AP-9V, alternativa á existente e se limita ao tramo comprendido entre o seu orixe ata a entrada á estación de autobuses. Consisten as obras a executar no enumerado a continuación:

- Construción dun túnel de lonxitude 194,31 m con un carril de 3,50 m de ancho (mais sobreecho no trazado curvo), con 1 beiravía de 0,50m e outra de 1,00m, gálibo vertical mínimo de 5,00 m e unha boca de entrada única na rúa Lepanto e o final na conexión coa estación, con unha pendente máxima do 12%. Execución do drenaxe e obra civil correspondente.
- A execución da estrutura, drenaxe e pintura do cuarto técnico das instalacións dos túneles.
- A reposición dos servizos afectados polas obras: saneamento, abastecemento, iluminación pública, enerxía eléctrica, gas e telecomunicacións.
- E a realización de obras complementarias: revestimento do túnel e cerramento metálico.
- Demolición del viaduto sobre Alfonso XIII.

C) Instalacións e balizamentos.

Comprende o deseño e descrición da rede de instalacións dos túneles dos accesos descritos anteriormente, incluídos os interiores da Terminal de Autobuses, así como a sinalización dos distintos treitos. Consisten as obras a executar no enumerado a continuación:

- Execución da sinalización, balizamento e defensa dos tramos comprendidos nos proxectos Conexión estación intermodal - AP-9 e Conexión túnel de Lepanto -AP-9.
- Instalacións de electricidade e iluminación dos túneles da rúa Lepanto – AP9, Túnel AP9 – Centro Comercial Vialia e dos túneles na Estación Intermodal de Vigo. A iluminación comprende a iluminación normal, iluminación de seguridade e iluminación de emerxencia.
- Instalacións de ventilación e detección de gases dos túneles da rúa Lepanto – AP9, Túnel AP9 – Centro Comercial Vialia e dos túneles na Estación Intermodal de Vigo.
- Instalacións de protección contra incendios dos túneles da rúa Lepanto – AP9, Túnel AP9 – Centro Comercial Vialia e dos túneles na Estación Intermodal de Vigo.

- Instalacións de megafonía, circuíto cerrado de televisión, sistemas de radiocomunicación e instalacións de telecomunicacións nos citados túneles.
- Instalacións da saída de emerxencia: sinalización, iluminación, instalacións de protección contra incendios.
- Instalacións propias do cuarto técnico: iluminación, instalacións de protección contra incendios, ventilación, climatización e acabados.
- Outros traballos complementarios dos túneles: control de accesos e aforos, instalacións de automatización e control e manual de explotación.
- Instalacións de iluminación da AP-9 no tramo de acceso a Vigo e entre nos tramos de saída da rúa Lepanto e a Estación Intermodal á AP-9.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 17 meses.

13º.- A Enxeñeira Técnica Industrial Municipal, o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emiten en data 4 de outubro de 2019 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“Xa que a contía do proxecto é superior a 500.000 euros polo tanto este informe ten carácter preceptivo. Art. 235 da lei 9/2017.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son custes xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada Lei”.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con



Concello de Vigo

indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de construción de “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.K.5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. David Pardiñas Lamas, cun orzamento base de licitación máis IVE de ONCE MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E TRES MIL CATROCENTOS CATRO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (11.843.404,33 €), sinado dixitalmente e con data de setembro 2019.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

22(877).- PROXECTO DE CONVENIO COA “UNIÓN COMARCAL UGT VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ACTIVIGO. EXPTE. 16372/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 8/10/19, dáse conta do informe xurídico-proposta do 2/09/19, asinado pola técnica de xestión, a técnica de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011 solicita, mediante escrito remitido en data 15/03/2019 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documentos núm. 190038801, 190038802, 190060905) a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio para o desenvolvemento do "Programa Activigo", achegando a seguinte documentación complementaria:

- certificado de titularidade da conta bancaria.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 13/03/2019.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 13/03/2019..
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 13/03/2019..
- declaración xurada de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- declaración responsable das axudas recibidas para o programa.
- orzamento de gastos do proxecto (01-03-2019 – 30-09-2019)
- memoria do Proxecto Activigo

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 488-96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do Emprego", por importe de 22.000,00 €.

IV. En data 18/03/2019 o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 14/05/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, por – (por atribución temporal de funcións mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 03/05/2019, a técnica de administración xeral) co conforme do concelleiro delegado de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, achegou memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:



Concello de Vigo

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Unión Comarcal U.G.T. Vigo” no marco do plan municipal de emprego, mediante o desenvolvemento do Programa ACTIVIGO, no deseño e dirección das políticas activas de emprego, de cara a mellorar a empregabilidade da mocidade e persoas desempregadas de longa duración.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2019, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Unión Comarcal UGT Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2019.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá

Pola outra parte, asinará o convenio don D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011, ou representante debidamente acreditado, de ser precisa a súa substitución, segundo resultou acreditado mediante poder notarial referido nos antecedentes.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, modificatoria da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, co obxecto de esclarecer términos de competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación recollidos na mesma, establece no seu artigo 3._ “En particular, non se entenderán como exercicio de novas competencias”:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que fosen xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei....”

A memoria xustificativa reflicte que estas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos anos 2016 e 2017.

A Disposición adicional primeira da Lei 5/2014, do 27 de maio, establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto no artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, que reflicte coma competencia municipal propia a participación na formación de activos e desempregados.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de 22.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4800001 “Convenio UGT Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, co obxecto de coadruar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/03/2019 ao 30/09/2019).



Concello de Vigo

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Fundación

Secretariado Xitano está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal*.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e



Concello de Vigo

Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2016, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1) Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal UGT Vigo, con CIF: G-15383011 no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do Programa Actívigo.
- 2) Autorizar o gasto de **22.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019.
- 3) Facultar ao Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Fermín Losada Álvarez, para asinar o citado convenio.
- 4) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO. NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ACTIVIGO (EXPT. 16372/77)

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte, D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011 e domicilio social na Rúa E. Heraclio Botana, 2 / Avda. García Barbón, 67, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 16372/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio segundo poder notarial presentado o 15/03/2019.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

MANIFESTAN

PRIMEIRO: *Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento do emprego no pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa organización sindical sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da Unión Comarcal de UGT de Vigo e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos catro últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración con asociacións de empresariais, sindicais e outras, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración*



Concello de Vigo

local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
 - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.
- ..."

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego das persoas máis vulnerables cara a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ó mercado laboral, e para elo é preciso poñer á súa disposición tanta información e orientación sexa posible, e moi especialmente da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración e que se concretan na realización dunha serie de actividades informativas e participativas, fomentando mediante o coñecemento e, a súa implicación a creación de emprego, procurando que os custes do convenio de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias a Unión Comarcal de UGT de Vigo.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta e a formación de persoas desempregadas o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa Unión Comarcal de UGT de Vigo.

A colaboración coa Unión Comarcal de UGT de Vigo, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais si fora necesario e do persoal do propio sindicato, con un gran coñecemento do entorno laboral e experiencia no apoio ás persoas mozas e as persoas desempregadas de longa duración, permitirá desenvolver políticas de busca de emprego, de tal xeito que lles permita a súa incorporación ao mundo laboral.

MANIFESTAN

I.- - Que a Unión Comarcal de UGT de Vigo, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 15/03/2019 cos nº de documento 190038801 190038802, e 24/04/2019 co nº de documento 190060905, ten entre outros, os seguintes obxectivos:

- Recompilación de toda a información existente respecto dos programas de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego
- Accións participativas e presenciais de información e difusión o Plan de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego.
- Reunións de traballo con asociacións, organizacións, centros educativos, ... coa finalidade de realizar charlas informativas a demanda.
- Xornadas de difusión directas e abertas.
- Acompañamento e axuda na inscrición aos programas.

- *Accións de información e difusión a través das TIC's.*
- *Elaboración de materiais informativos e divulgativos.*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal de UGT de Vigo, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencia que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xera, e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de UGT de Vigo entre as persoas desempregadas de todos os sectores e idades, e a falta de persoal especializada na elaboración deste tipo de traballos de difusión, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2019, para o desenvolvemento dun convenio coa UGT para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ó mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas á mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

V.- Que a Unión Comarcal de UGT de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal de UGT de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes



Concello de Vigo

PACTOS

Primeiro.- A Unión Comarcal de UGT de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ó mercado laboral, ao por a disposición deles tanta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas á mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor (a concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, das seguintes actividades:

1. Recompilación de toda a información existente respecto dos programas de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego
2. Accións participativas e presenciais de información e difusión o Plan de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego, mediante:
 - Reunións de traballo.
 - Xornadas.
 - Charlas informativas
3. Accións de información e difusión a través das TIC's.
4. Elaboración de materiais informativos e divulgativos.
5. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
6. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
7. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá- como **patrocinador** das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
8. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
9. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de UGT de Vigo.
3. Conceder directamente á Unión Comarcal de UGT de Vigo unha subvención por importe de 22.000,00 €, dos 19.750,00 € corresponden aos custes salariais e de seguridade social do persoal de nova contratación e da propia entidade e 2.250,00 € para outros gastos, necesarios para o desenvolvemento do proxecto, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



Concello de Vigo

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
 1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 2. Dous membros da Unión Comarcal de UGT de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- ✓ Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.

- ✓ Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- ✓ Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **15 de outubro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>. A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterà a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.



Concello de Vigo

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de setembro de 2019.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe/a do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obligatoria.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- *A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal de UGT de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.*

Décimo noveno.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

Vixésimo.- *O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2019.*

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2019.

23(878).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 8733/320.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 3/10/19, dáse conta do informe xurídico-proposta do 30/08/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 25/03/2019, Don Iván Suárez Fernández (DNI: 53178410H), en calidade de presidente da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G36801876), achegou escrito (doc.190043200), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2019, entre os meses de novembro 2018 a outubro 2019, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Iván Suárez Fernández, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. “Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38^a.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 19/07/19
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 15/07/19
- Certificado da Seguridade Social, de data 15/07/19
- Certificado do Concello de Vigo, de data 22/08/19

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:



Concello de Vigo

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (novembro 2018 a setembro 2019)	
Arrendamento local	3.300,00 €
TOTAL	3.300,00 €

INGRESOS DA ENTIDADE (novembro 2018 a setembro 2019)	
Subvención Concello	3.300,00 €
TOTAL	3.300,00 €

8. Contrato de aluguer.
9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificantes bancarios acreditativos da súa vixencia.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1216/14, segundo resolución da Alcaldía de data 16/05/2014.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800003 “*Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, cunha dotación de 3.600,00 €.

VI. En data 09/08/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 22/08/2019 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, por atribución temporal de funcións mediante acordo de XGL do 03/05/2019, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD (G36801876), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende novembro de 2018 ata setembro de 2019.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”.

Segundo recolle o art. 10 dos Estatutos da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- Promover vocacións empresariais.
- Representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros.
- Estudar, apoiar e desenrolar proxectos concretos presentados polos seus socios.
- Servir de órgano de unión e coordinación entre os seus membros, fomentando o espírito de solidariedade entre os mesmos.
- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar a este colectivo social e a os seus afiliados.



Concello de Vigo

- Actuar en apoio a defensa da empresa galega, con independencia da Administración Pública e calquera grupo de presión o partido político.
- Fomentar e apoiar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado.
- Cooperar coas diferentes organizacións sociais en orden a conseguir un crecemento estable e un adecuado nivel de calidade de vida dentro do entorno de paz social necesaria.
- Promover a creación de emprego.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Don Iván Suárez Fernández, con DNI 53178410H, en calidade de Presidente da "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" (CIF: G36801876), con domicilio social na Rúa Marqués de Valladares 21 oficina 5-6, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8733/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.



Concello de Vigo

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800003 “*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, cunha dotación orzamentaria de 3.600,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o

destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **15 de outubro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das



Concello de Vigo

modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo

dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 3.600,00 € (tres mil seiscientos euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800003 denominada “*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G36801876), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de novembro de 2018 e setembro de 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 3.600,00 € (tres mil seiscientos euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE XÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Iván Suárez Fernández, con DNI 53178410H, en calidade de Presidente da "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" (CIF: G36801876), con domicilio social Rúa Marqués de Valladares 21 oficina 5-6, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta dos datos incorporados ao expte. 8733/320.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc.

inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar asociacións destinadas a apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, atendendo as súas consultas e canalizar as súas inquietudes mediante asesoramento e información para constituír unha empresa, orientación, oferta..., en definitiva, representar e defender os intereses dos empresarios de Vigo e Mancomunidade.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e Democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos mozos e mozas emprendedores e empresarios vigueses.

IV.- Que a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidade*”, de conformidade co art. 10 dos Estatutos, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- Promover vocacións empresariais.
- Representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros.
- Estudar, apoiar e desenrolar proxectos concretos presentados polos seus socios.
- Servir de órgano de unión e coordinación entre os seus membros, fomentando o espírito de solidariedade entre os mesmos.
- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar a este colectivo social e a os seus afiliados.
- Actuar en apoio a defensa da empresa galega, con independencia da Administración Pública e calquera grupo de presión o partido político.
- Fomentar e apoiar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado.
- Cooperar coas diferentes organizacións sociais en orden a conseguir un crecemento estable e un adecuado nivel de calidade de vida dentro do entorno de paz social necesaria.
- Promover a creación de emprego.

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidade*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1216/14 no epígrafe 5.2.



Concello de Vigo

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” leve a cabo os proxectos e actividades planificadas para o 2019, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4800003, denominada “*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” nominativa a favor da entidade, cunha asignación presupostaria de 3.600,00 €.

VIII.- As actividades programadas pola “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” para o 2019, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, o son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

1. Vitaminas formativas
2. Talleres
3. Aula de emprendedores
4. Así lo hago
5. Tribuna de Líderes
6. Networking

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, entre os meses de novembro 2018 a setembro de 2019, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é:

ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (novembro 2018 a setembro 2019)	
Arrendamento local	3.300,00 €
TOTAL	3.300,00 €

X.- Que a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” non incorra en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal,

autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, ... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito de apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:



Concello de Vigo

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” unha subvención por importe de 3.600 € (tres mil seiscientos euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800003, denominada “*Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de novembro de 2018 a setembro de 2019, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse

no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2019.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **15 de outubro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/as solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos



Concello de Vigo

gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da

subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.



Concello de Vigo

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES68 2080 5000 6230 4033 4096 (ABANCA).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 1/11/18 e o 30/09/19.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).



Concello de Vigo

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Décimo noveno.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2019.

24(879).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez